PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Número 302
9 de maio de 2018

Fascículo 2

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1.1. Preguntas orais

30143 (10/POC-004796)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as razóns do rexeitamento nesta tempada das solicitudes presentadas polas persoas propietarias para o tratamento do cancro do castiñeiro polos servizos autonómicos 98490

30148 (10/POC-004797)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e 3 máis
Sobre as razóns do Goberno galego para non ampliar o prazo de presentación de alegacións en relación coa tramitación do expediente para declarar a Ribeira Sacra como ben de interese cultural, coa categoría de paisaxe cultural 98492

30179 (10/POC-004798)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as actuacións previstas polo Xunta de Galicia en relación coas dificultades existentes en determinados lugares da comunidade autónoma a consecuencia da carencia de ascensores nas vivendas de altura e os problemas da cidadanía no acceso ás axudas para a súa instalación e mellora 98494

30185 (10/POC-004799)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da adopción na actualidade de todas as medidas preventivas necesarias para evitar o contaxio de enfermidades infecciosas nos centros de menores dependentes da Administración autonómica, as previstas para ese fin e os datos referidos aos brotes detectados no centro de Monteledo, así como as medidas adoptadas ao respecto 98497

30192 (10/POC-004800)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para acordar a transformación das casas da xuventude en espazos Emprende, as súas consecuencias nas actividades que viñan desenvolvendo e as súas previsións respecto da creación de novas prazas de persoal nelas, así como a súa valoración en relación coa xestión que se vén levando a cabo da Casa da Xuventude de Ourense, os criterios que se están a seguir para a autorización de actividades nela e a súa programación para o ano 2018 98499

30194 (10/POC-004801)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre a execución na actualidade dalgún traballo de recuperación do curso do río Listres, en Ribeira, ou dalgunha solución alternativa para evitar os estancamentos das augas, as previsións referidas á redución das emisións do aliviadoiro de Aguiño e a posta en marcha de actuacións que restitúan o bo nome da zona, así como as que se están a levar a cabo para resolver as deficiencias detectadas no funcionamento da EDAR de Ribeira 98502

30195 (10/POC-004802)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación co uso e reparación dos danos causados nun circuíto público de BMX de Vilagarcía de Arousa por causa do almacenamento de refugallos e material pesado pola empresa concesionaria das obras de remate da canalización dun regato na zona da Florida 98506

30201 (10/POC-004803)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego no ámbito educativo en relación coa Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non-discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, a suficiencia das actuacións levadas a cabo para o cumprimento dos seus obxectivos e as novas medidas que vai adoptar para o seu desenvolvemento, así como a súa valoración respecto do grao de cumprimento do protocolo educativo asinado en 2015 98508

30202 (10/POC-004804)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación co grao de cumprimento e de desenvolvemento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non-discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, as medidas adoptadas ao respecto e as súas previsións referidas ao seu desenvolvemento na X lexislatura 98512

30208 (10/POC-004805)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á vulneración pola CRTVG do dereito á folga dun sindicato convocante da folga xeral de 24 horas en Galicia acontecida o día 8 de marzo de 2018 98515

30216 (10/POC-004806)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as medidas fiscais e tributarias previstas polo Goberno galego para contribuír á redistribución da riqueza no tocante ás familias monoparentais, a avaliación do impacto nelas da crise económica

e dos recortes levados a cabo en materia de servizos públicos e sociais e a súa opinión en relación co desenvolvemento dos mecanismos precisos para axudar a reducir o seu potencial risco de pobreza e exclusión social, así como para crear un ambiente de protección suficiente para a maternidade ou paternidade individual por elección propia 98518

30219 (10/POC-004807)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da reparación de xeito urxente dos danos causados pola empresa encargada da retirada da madeira queimada nas pistas, cunetas e pasos de auga da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común A Trepa-Valdeguas, no concello de Riós 98523

30224 (10/POC-004808)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis
Sobre o calendario da Xunta de Galicia para a execución dos proxectos correspondentes aos tramos pendentes da vía de alta capacidade Tui-A Guarda, a existencia de proxectos consensuados para os tramos comprendidos entre o enlace de Areas e Goián, así como de dispoñibilidade orzamentaria para o desenvolvemento dos tramos restantes, as razóns da paralización da súa construción e o prazo previsto para a súa continuación 98525

30227 (10/POC-004809)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Consellería do Medio Rural en relación co pastoreo nos terreos queimados 98528

30236 (10/POC-004810)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis
Sobre o coñecemento polo Goberno galego da existencia de moitos concellos en Galicia que teñen manifestado o seu desexo de incorporarse ao transporte metropolitano das súas áreas urbanas de referencia, as súas previsións en relación coa avaliación dos custos e posibilidades financeiras dese grupo de concellos, tendo en conta as competencias autonómicas en materia de transporte interurbano, e, se é o caso, o calendario para a realización deses estudos 98531

30286 (10/POC-004811)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as medidas específicas deseñadas polo Goberno galego para eliminar as agresións sexuais, a realización dalgunha avaliación da súa incidencia na sociedade galega e a súa opinión en relación co grao de desenvolvemento do disposto respecto disto na Lei 11/2017, galega, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a dotación e desenvolvemento da atención específica ás vítimas e a suficiencia e funcionamento dos protocolos e/ou instrucións adoptadas nos ámbitos sanitario, policial e xudicial 98534

30292 (10/POC-004812)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre os datos referidos ás chamadas de reserva rexistradas desde a posta en marcha do servizo e o seu sistema de xestión no transporte público de viaxeiros, así como os datos relativos ás persoas usuarias do transporte compartido 98539

30300 (10/POC-004814)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para corrixir os problemas de seguridade viaria e de sinalización do Camiño de Santiago ao seu paso por Seixalbo, na provincia de Ourense, así como os estudos específicos realizados sobre esa zona nos últimos anos 98541

30310 (10/POC-004815)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre os datos do Goberno galego referidos ao uso do dispositivo intrauterino ESSURE polas mulleres en Galicia e os efectos adversos que lles está a ocasionar, a existencia dalgún protocolo no Sergas para a súa retirada, así como o que se estaba a seguir en relación coa información e consentimento para a súa implantación 98546

30337 (10/POC-004816)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e 3 máis
Sobre a información concreta da Xunta de Galicia en relación cos mecanismos de avaliación do stock previstos na resolución da Secretaría Xeral de Pesca referida ás disposicións de ordenación da pesca da sardiña ibérica nas augas ibéricas da zona CIEM VIIIc e IXa, así como coa posta en marcha dun programa de observadores científicos a bordo designados por esa secretaría, e as súas razóns para permitir a inxerencia doutra administración nas súas competencias sobre a xestión da pesca da sardiña pola arte do xeito 98548

30340 (10/POC-004817)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Solla Fernández, Eva
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da dotación da comarca do Salnés cunha ambulancia medicalizada durante todo o ano, así como do aumento da atención pediátrica e a cobertura das carencias de persoal e de recursos materiais existentes no Punto de Atención Continuada de Baltar, en Portonovo, no concello de Sanxenxo 98551

30366 (10/POC-004818)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das demandas da ANPA do CEIP A Ramallosa, do concello de Teo, referidas ás melloras necesarias no centro 98554

30373 (10/POC-004819)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a opinión e as previsións do Goberno galego referidas ao nivel de recursos humanos e materiais que presenta o Hospital Comarcal do Salnés en relación coas necesidades asistenciais da poboación, as razóns da perda de moitos deles, como consecuencia de destinalos ao Complexo Hospitalario de Pontevedra, así como a súa valoración respecto da necesidade de incorporar unha ambulancia tipo SVA con base nese hospital para mellorar a atención urxente da zona 98556

30379 (10/POC-004820)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación co suposto incumprimento por parte da empresa adxudicataria do prego de condicións para a adxudicación do servizo de mantemento do equipamento de electromedicina da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela, o seguimento que está a levar a cabo o Sergas e os datos e as medidas previstas pola Consellería de Sanidade ao respecto 98559

30382 (10/POC-004821)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para compensar as perdas económicas ocasionadas pola diminución de capturas do polbo e loitar contra o furtivismo durante a súa veda 98564

30390 (10/POC-004822)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a posición que vai defender o Goberno galego en relación coas modificacións previstas polo Goberno central mediante a unificación dos programas de axudas para persoas desempregadas Prepara, PAE e Renda Activa de Inserción, a valoración que fai da proposta presentada ás comunidades autónomas para ese fin, a súa posible incidencia nas prestacións que están a percibir na actualidade en Galicia e a necesidade de existencia de compatibilidade entre esas axudas e as rendas sociais autonómicas 98567

30391 (10/POC-004823)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa a situación de envellecemento que está a padecer o sector do marisqueo e as súas razóns para reducir progresivamente as licencias outorgadas para o marisqueo a pé nos últimos oito anos 98570

30401 (10/POC-004824)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 12 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en colaboración cos Gobernos central e arxentino en relación coa titularidade da Obra Social de Españoles en Argentina, Ospaña, a garantía da asistencia

sanitaria prestada polo Centro Galego de Bos Aires e a posibilidade de mercar o centro, así como o futuro que vai ter a súa obra social e o seu patrimonio histórico, cultural e artístico 98572

30412 (10/POC-004825)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre as estimacións da Xunta de Galicia referidas á contía que perden as universidades galegas pola conxelación das taxas académicas das titulacións de graos e a rebaixa do custo dos másteres habilitantes, as súas previsións respecto da súa compensación e o prazo previsto para ese fin 98577

30413 (10/POC-004826)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre a valoración do Goberno galego respecto do grao de cumprimento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non-discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, a existencia dalgún proxecto para o seu desenvolvemento regulamentario e a apertura na actualidade dalgún proceso de diálogo e participación das persoas do colectivo LGTBI e doutras institucións para ese fin, así como o prazo previsto para o seu remate 98579

30420 (10/POC-004827)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 3 máis
Sobre os datos referidos ás inspeccións realizadas nos anos 2016 e 2017 nos centros de atención a persoas maiores da provincia de Lugo, así como as queixas ou reclamacións formuladas contra eles neses anos e a súa tramitación 98582

30447 (10/POC-004828)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores
Sobre as decisións ou medidas previstas pola Xunta de Galicia para evitar a conflitividade existente e garantir o correcto funcionamento da Confraría de Pescadores de Carril, así como a súa valoración respecto da situación que se está a vivir nela 98584

30450 (10/POC-004829)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 3 máis
Sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgunha inspección no centro de persoas maiores onde residía a persoa falecida no Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo e, se é o caso, os datos e as actuacións levadas a cabo ao respecto 98587

30453 (10/POC-004830)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre o procedemento seguido polo Goberno galego para comunicarlles ás universidades á súa intención de conxelar as taxas universitarias e de reducir o prezo das matrículas dos mestrados, a avaliación das súas repercusións para elas e as súas previsións respecto da compensación das carencias

orzamentarias que veñen padecendo desde o inicio da crise, así como a data de inicio das conversas para negociación do novo plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia 98589

30460 (10/POC-004831)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre o coñecemento e valoración da Xunta de Galicia en relación coa situación na que se atopa a empresa Hijos de Luís Chao Sobrino, S.A., de Ribadavia e o impacto económico do seu eventual peche para a comarca do Ribeiro, as medidas adoptadas para impulsar unha solución que garanta a súa continuidade, así como a dos postos de traballo e as súas intencións referidas á realización dalgún tipo de mediación para resolver o conflito 98592

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos
1.5.4. De ámbito europeo
1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 8 de maio de 2018, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Consello polo que se establecen medidas de execución do sistema de recursos propios da Unión Europea [COM(2018) 327 final] [COM(2018) 327 final Anexo] [2018/0132 (APP)]

-10/UECS-000154 (30657)
Consulta sobre a aplicación do prinicipio de subsidiaridade relativo á Proposta de regulamento do Consello polo que se establecen medidas de execución do sistema de recursos propios da Unión Europea [COM(2018) 327 final] [COM(2018) 327 final Anexo] [2018/0132 (APP)] 98594

Resolución da Presidencia, do 8 de maio de 2018, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de decisión do Consello sobre o sistema de recursos propios da Unión Europea [COM(2018) 325 final] [COM(2018) 325 final Anexo] [2018/0135 (CNS)] {SWD(2018) 172 final}

-10/UECS-000155 (30658)
Consulta sobre a aplicación do prinicipio de subsidiaridade relativo á Proposta de decisión do Consello sobre o sistema de recursos propios da Unión Europea [COM(2018) 325 final] [COM(2018) 325 final Anexo] [2018/0135 (CNS)] {SWD(2018) 172 final} 98614

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1.1. Preguntas orais

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 7 de maio de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 30143 (10/POC-004796)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as razóns do rexeitamento nesta tempada das solicitudes presentadas polas persoas propietarias para o tratamento do cancro do castiñeiro polos servizos autonómicos
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 30148 (10/POC-004797)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e 3 máis
Sobre as razóns do Goberno galego para non ampliar o prazo de presentación de alegacións en relación coa tramitación do expediente para declarar a Ribeira Sacra como ben de interese cultural, coa categoría de paisaxe cultural
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 30179 (10/POC-004798)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as actuacións previstas polo Xunta de Galicia en relación coas dificultades existentes en determinados lugares da comunidade autónoma a consecuencia da carencia de ascensores nas vivendas de altura e os problemas da cidadanía no acceso ás axudas para a súa instalación e mellora
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 30185 (10/POC-004799)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da adopción na actualidade de todas as medidas preventivas necesarias para evitar o contaxio de enfermidades infecciosas nos centros de menores dependentes da Administración autonómica, as previstas para ese fin e os datos referidos aos brotes detectados no centro de Monteledo, así como as medidas adoptadas ao respecto
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 30192 (10/POC-004800)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para acordar a transformación das casas da xuventude en espazos Emprende, as súas consecuencias nas actividades que viñan desenvolvendo e as súas previsións respecto da creación de novas prazas de persoal nelas, así como a súa valoración en relación coa xestión que se vén levando a cabo da Casa da Xuventude de Ourense, os criterios que se están a seguir para a autorización de actividades nela e a súa programación para o ano 2018
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 30194 (10/POC-004801)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre a execución na actualidade dalgún traballo de recuperación do curso do río Listres, en Ribeira, ou dalgunha solución alternativa para evitar os estancamentos das augas, as previsións referidas á redución das emisións do aliviadoiro de Aguiño e a posta en marcha de actuacións que restitúan o bo nome da zona, así como as que se están a levar a cabo para resolver as deficiencias detectadas no funcionamento da EDAR de Ribeira
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 30195 (10/POC-004802)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación co uso e reparación dos danos causados nun circuíto público de BMX de Vilagarcía de Arousa por causa do almacenamento de refugallos e material pesado pola empresa concesionaria das obras de remate da canalización dun regato na zona da Florida
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 30201 (10/POC-004803)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego no ámbito educativo en relación coa Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non-discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, a suficiencia das actuacións levadas a cabo para o cumprimento dos seus obxectivos e as novas medidas que vai adoptar para o seu desenvolvemento, así como a súa valoración respecto do grao de cumprimento do protocolo educativo asinado en 2015
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 30202 (10/POC-004804)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación co grao de cumprimento e de desenvolvemento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non-discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, as medidas adoptadas ao respecto e as súas previsións referidas ao seu desenvolvemento na X lexislatura
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 30208 (10/POC-004805)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á vulneración pola CRTVG do dereito á folga dun sindicato convocante da folga xeral de 24 horas en Galicia acontecida o día 8 de marzo de 2018
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 30216 (10/POC-004806)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as medidas fiscais e tributarias previstas polo Goberno galego para contribuír á redistribución da riqueza no tocante ás familias monoparentais, a avaliación do impacto nelas da crise económica e dos recortes levados a cabo en materia de servizos públicos e sociais e a súa opinión en relación co desenvolvemento dos mecanismos precisos para axudar a reducir o seu potencial risco de pobreza e exclusión social, así como para crear un ambiente de protección suficiente para a maternidade ou paternidade individual por elección propia
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 30219 (10/POC-004807)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da reparación de xeito urxente dos danos causados pola empresa encargada da retirada da madeira queimada nas pistas, cunetas e pasos de auga da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común A Trepa-Valdeguas, no concello de Riós
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 30224 (10/POC-004808)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis
Sobre o calendario da Xunta de Galicia para a execución dos proxectos correspondentes aos tramos pendentes da vía de alta capacidade Tui-A Guarda, a existencia de proxectos consensuados para os tramos comprendidos entre o enlace de Areas e Goián, así como de dispoñibilidade orzamentaria para o desenvolvemento dos tramos restantes, as razóns da paralización da súa construción e o prazo previsto para a súa continuación
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 30227 (10/POC-004809)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Consellería do Medio Rural en relación co pastoreo nos terreos queimados
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 30236 (10/POC-004810)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da existencia de moitos concellos en Galicia que teñen manifestado o seu desexo de incorporarse ao transporte metropolitano das súas áreas urbanas de referencia, as súas previsións en relación coa avaliación dos custos e posibilidades financeiras dese grupo de concellos, tendo en conta as competencias autonómicas en materia de transporte interurbano, e, se é o caso, o calendario para a realización deses estudos
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 30286 (10/POC-004811)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as medidas específicas deseñadas polo Goberno galego para eliminar as agresións sexuais, a realización dalgunha avaliación da súa incidencia na sociedade galega e a súa opinión en relación co grao de desenvolvemento do disposto respecto disto na Lei 11/2017, galega, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a dotación e desenvolvemento da atención específica ás vítimas e a suficiencia e funcionamento dos protocolos e/ou instrucións adoptadas nos ámbitos sanitario, policial e xudicial
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 30292 (10/POC-004812)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre os datos referidos ás chamadas de reserva rexistradas desde a posta en marcha do servizo e o seu sistema de xestión no transporte público de viaxeiros, así como os datos relativos ás persoas usuarias do transporte compartido
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 30300 (10/POC-004814)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para corrixir os problemas de seguridade viaria e de sinalización do Camiño de Santiago ao seu paso por Seixalbo, na provincia de Ourense, así como os estudos específicos realizados sobre esa zona nos últimos anos
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 30310 (10/POC-004815)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre os datos do Goberno galego referidos ao uso do dispositivo intrauterino ESSURE polas mulleres en Galicia e os efectos adversos que lles está a ocasionar, a existencia dalgún protocolo no Sergas para a súa retirada, así como o que se estaba a seguir en relación coa información e consentimento para a súa implantación
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 30337 (10/POC-004816)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e 3 máis

Sobre a información concreta da Xunta de Galicia en relación cos mecanismos de avaliación do stock previstos na resolución da Secretaría Xeral de Pesca referida ás disposicións de ordenación da pesca da sardiña ibérica nas augas ibéricas da zona CIEM VIIIc e IXa, así como coa posta en marcha dun programa de observadores científicos a bordo designados por esa secretaría, e as súas razóns para permitir a inxerencia doutra administración nas súas competencias sobre a xestión da pesca da sardiña pola arte do xeito
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 30340 (10/POC-004817)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Solla Fernández, Eva
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da dotación da comarca do Salnés cunha ambulancia medicalizada durante todo o ano, así como do aumento da atención pediátrica e a cobertura das carencias de persoal e de recursos materiais existentes no Punto de Atención Continuada de Baltar, en Portonovo, no concello de Sanxenxo
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 30366 (10/POC-004818)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das demandas da ANPA do CEIP A Ramallosa, do concello de Teo, referidas ás melloras necesarias no centro
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 30373 (10/POC-004819)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a opinión e as previsións do Goberno galego referidas ao nivel de recursos humanos e materiais que presenta o Hospital Comarcal do Salnés en relación coas necesidades asistenciais da poboación, as razóns da perda de moitos deles, como consecuencia de destinalos ao Complexo Hospitalario de Pontevedra, así como a súa valoración respecto da necesidade de incorporar unha ambulancia tipo SVA con base nese hospital para mellorar a atención urxente da zona
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 30379 (10/POC-004820)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación co suposto incumprimento por parte da empresa adxudicataria do prego de condicións para a adxudicación do servizo de mantemento do equipamento de electromedicina da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela, o seguimento que está a levar a cabo o Sergas e os datos e as medidas previstas pola Consellería de Sanidade ao respecto
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 30382 (10/POC-004821)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para compensar as perdas económicas ocasionadas pola diminución de capturas do polbo e loitar contra o furtivismo durante a súa veda
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 30390 (10/POC-004822)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a posición que vai defender o Goberno galego en relación coas modificacións previstas polo Goberno central mediante a unificación dos programas de axudas para persoas desempregadas Prepara, PAE e Renda Activa de Inserción, a valoración que fai da proposta presentada ás comunidades autónomas para ese fin, a súa posible incidencia nas prestacións que están a percibir na actualidade en Galicia e a necesidade de existencia de compatibilidade entre esas axudas e as rendas sociais autonómicas
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 30391 (10/POC-004823)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa a situación de envellecemento que está a padecer o sector do marisqueo e as súas razóns para reducir progresivamente as licencias outorgadas para o marisqueo a pé nos últimos oito anos
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 30401 (10/POC-004824)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 12 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en colaboración cos Gobernos central e arxentino en relación coa titularidade da Obra Social de Españoles en Argentina, Ospaña, a garantía da asistencia sanitaria prestada polo Centro Galego de Bos Aires e a posibilidade de mercar o centro, así como o futuro que vai ter a súa obra social e o seu patrimonio histórico, cultural e artístico
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 30412 (10/POC-004825)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre as estimacións da Xunta de Galicia referidas á contía que perden as universidades galegas pola conxelación das taxas académicas das titulacións de graos e a rebaixa do custo dos másteres habilitantes, as súas previsións respecto da súa compensación e o prazo previsto para ese fin
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 30413 (10/POC-004826)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre a valoración do Goberno galego respecto do grao de cumprimento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non-discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e in-

tersexuais en Galicia, a existencia dalgún proxecto para o seu desenvolvemento regulamentario e a apertura na actualidade dalgún proceso de diálogo e participación das persoas do colectivo LGTBI e doutras institucións para ese fin, así como o prazo previsto para o seu remate
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 30420 (10/POC-004827)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 3 máis
Sobre os datos referidos ás inspeccións realizadas nos anos 2016 e 2017 nos centros de atención a persoas maiores da provincia de Lugo, así como as queixas ou reclamacións formuladas contra eles neses anos e a súa tramitación
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 30447 (10/POC-004828)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores
Sobre as decisións ou medidas previstas pola Xunta de Galicia para evitar a conflitividade existente e garantir o correcto funcionamento da Confraría de Pescadores de Carril, así como a súa valoración respecto da situación que se está a vivir nela
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 30450 (10/POC-004829)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 3 máis
Sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgunha inspección no centro de persoas maiores onde residía a persoa falecida no Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo e, se é o caso, os datos e as actuacións levadas a cabo ao respecto
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 30453 (10/POC-004830)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre o procedemento seguido polo Goberno galego para comunicarlles ás universidades á súa intención de conxelar as taxas universitarias e de reducir o prezo das matrículas dos mestrados, a avaliación das súas repercusións para elas e as súas previsións respecto da compensación das carencias orzamentarias que veñen padecendo desde o inicio da crise, así como a data de inicio das conversas para negociación do novo plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 30460 (10/POC-004831)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre o coñecemento e valoración da Xunta de Galicia en relación coa situación na que se atopa a empresa Hijos de Luís Chao Sobrino, S.A., de Ribadavia e o impacto económico do seu eventual peche para a comarca do Ribeiro, as medidas adoptadas para impulsar unha solución que garanta

a súa continuidade, así como a dos postos de traballo e as súas intencións referidas á realización dalgún tipo de mediación para resolver o conflito
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2018
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos
1.5.4. De ámbito europeo
1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 8 de maio de 2018, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Consello polo que se establecen medidas de execución do sistema de recursos propios da Unión Europea [COM(2018) 327 final] [COM(2018) 327 final Anexo] [2018/0132 (APP)]

-10/UECS-000154 (30657)
Consulta sobre a aplicación do prinicipio de subsidiaridade relativo á Proposta de regulamento do Consello polo que se establecen medidas de execución do sistema de recursos propios da Unión Europea [COM(2018) 327 final] [COM(2018) 327 final Anexo] [2018/0132 (APP)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 30657, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Consello polo que se establecen medidas de execución do sistema de recursos propios da Unión Europea [COM(2018) 327 final] [COM(2018) 327 final Anexo] [2018/0132 (APP)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2018
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Resolución da Presidencia, do 8 de maio de 2018, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de decisión do Consello sobre o sistema de recursos propios da Unión Europea [COM(2018) 325 final] [COM(2018) 325 final Anexo] [2018/0135 (CNS)] {SWD(2018) 172 final}

-10/UECS-000155 (30658)
Consulta sobre a aplicación do prinicipio de subsidiaridade relativo á Proposta de decisión do Consello sobre o sistema de recursos propios da Unión Europea [COM(2018) 325 final] [COM(2018) 325 final Anexo] [2018/0135 (CNS)] {SWD(2018) 172 final}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 30658, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de decisión do Consello sobre o sistema de recursos propios da Unión Europea [COM(2018) 325 final] [COM(2018) 325 final Anexo] [2018/0135 (CNS)] {SWD(2018) 172 final}.

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2018
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2018 11:23
Nº Rexistro: 30143
Data envio: 27/04/2018 11:23:29.308

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Partido dos Socialistas de Galicia

Os castiñeiros (*castanea sativa* das familia das fagáceas) son árbores cunha orixe foránea, parece que chegaron á península da man dos romanos.

A madeira de castiñeiro ten ganado un importante lugar dentro da construción e do mobiliario, e o seu produto estrela, a castaña, axudou a calmar a fame de xeracións enteiras de galegos e galegas.

Pronto colleron carta de natureza na nosa xeografía e xa desde a época medieval aparecen nas referencias forais como un cultivo de produción, que co paso do tempo ganaron importancia na dieta das poboacións ao longo e ancho da xeografía galega e só coa introdución e o espallamento dun novo cultivo como a pataca foron perdendo peso na dieta dos nosos devanceiros. Ata ben entrado o século XIX a castaña mantivo unha gran presenza como alimento básico.

Ao longo do século XX a castaña foi perdendo pouco a pouco a súa anterior relevancia e os castiñeiros tamén deixaron de ser obxecto de coidados que os mantivesen en perfectas condicións ata que na segunda metade do século XX o abandono dos soutos e castiñeiros foron facéndose patentes.

Non é menos certo que co esquecemento e o desleixo de soutos e castiñeiros, xa desde finais do S. XX a castaña como produto alimenticio foi gañando espazo con novas aplicacións e ao calor dunha forte demanda exterior que fixeron volver a vista cara a esta produción que volveu gañar relevancia.

Ben sexa como madeira e sobre todo como produción de castaña, nas últimas décadas veuse revelando como unha alternativa crible para as economías agrarias, ben como produción principal e sobre todo como un complemento de rendas que axuda a equilibrar as contas de moitos habitantes do rural.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2018 11:23
Nº Rexistro: 30143
Data envio: 27/04/2018 11:23:29.308

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

O castiñeiro non está libre de enfermidades e pragas como a da tinta, chancro e recentemente a avespiña. Con respecto ao chancro (*Cryphonectia* parasitaria) desde hai uns anos aplícase un tratamento de éxito con cepas hipovirulentas que se empezaron a aplicar a partir de 2003, pero foi a partir de 2011 cando a súa aplicación se empezou a xeneralizar en soutos públicos e privados cun considerable nivel de éxito.

O certo é que nesta última campaña os produtores de castaña, se atoparon coa realidade de que os servizos da Xunta diante da demanda para o tratamento do chancro encóntranse coa contestación de que non hai cepas hipovirulentas para atallar a ameaza do chancro.

Por todo isto, os deputados que asinan preguntan:

Cal é a razón para que nesta tempada os propietarios de castiñeiros e soutos visen rexeitada a súa petición de tratamento para o chancro dos castiñeiros por parte dos servizos autonómicos?

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 27/04/2018 11:20:09

Jóse Manuel Pérez Seco na data 27/04/2018 11:20:22

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2018 12:57
Nº Rexistro: 30148
Data envio: 27/04/2018 12:57:21.168

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco, María Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Partido dos Socialistas de Galicia

Que a Ribeira Sacra sexa Patrimonio da Humanidade traería consigo, non só un aumento no sector turístico, e polo tanto, unha mellora económica e activación dos investimentos na zona senón que tamén se poñería freo a un dos problemas máis acusados que ten Galicia, sobre todo en terras do interior, que é o despoboamento. A revitalización económica tradúcese tamén en revitalización social, e polo tanto, en máis e mellores oportunidades para que o rural se manteña. Todo isto sen esquecer o patrimonio, tanto material como inmaterial e paisaxístico, que se vería reforzado, mellor valorado e como non mellor conservado.

A Ribeira Sacra non é un monumento, un edificio ou unha cidade é un territorio vivo, dinámico e poboado e pese a isto e á importancia de declarala como Patrimonio da Humanidade hai unha clara falta de información entre as xentes que conforman este territorio; esta falta de información implica unha menor concienciación, e polo tanto, menor participación na evolución deste proceso tanto por parte do tecido socioeconómico como de axentes culturais e medioambientais e da sociedade en xeral. A información é algo de suma importancia para que a Ribeira Sacra sexa protexida e potenciada non só polas administracións senón tamén pola sociedade en xeral.

Aínda que o 29-12-2017 se publicou no DOG a Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural pola que se incoa o expediente para declarar a Ribeira Sacra Ben como de Interese Cultural, coa categoría de paisaxe cultural, e outros bens e manifestacións do patrimonio cultural e inmaterial relacionados. A maior parte da poboación afectada directamente non está informada da transcendencia das consecuencias que implica a zonificación e; nas últimas semanas son moitos os colectivos e veciños/as que piden a ampliación do prazo de alegacións para poder coñecer os detalles e as implicacións de tal resolución e poder, no seu caso, presentar en tempo e forma as súas alegacións.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2018 12:57
Nº Rexistro: 30148
Data envío: 27/04/2018 12:57:21.168

Grupo Parlamentario

Por todo iso, os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Por que o Goberno galego non ampliou o prazo de alegacións ante a necesidade de dar a coñecer este tema e facer participe á poboación afectada?

Partido dos Socialistas de Galicia

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 27/04/2018 12:43:33

Jóse Manuel Pérez Seco na data 27/04/2018 12:43:45

Maria de la Concepción Burgo López na data 27/04/2018 12:43:55

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/04/2018 12:44:05

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2018 18:06
Nº Rexistro: 30179
Data envío: 27/04/2018 18:06:53.062

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A mellora nas condicións de habitabilidade do parque de vivendas é unha das estratexias referenciadas pola Unión Europea a hora de combinar a reactivación da construción, a eficiencia enerxética e a calidade de vida da cidadanía. Esta importancia van apoiada financeiramente cunha cantidade de fondos non despreciable.

Os diferentes programas de axudas para a renovación de ascensores é un dos mellores exemplos destas políticas. Lamentablemente a xestión e a periodificación das mesmas mostra serias dificultades de acceso por parte da poboación que máis o necesita. Fai pouco os medios de comunicación recollían o feito inaudito de que nun só día se esgotaron as axudas para a renovación de ascensores. Cando isto acontece é que algo se está a facer mal por parte da administración.

Falamos normalmente de vivendas en barrios construídos na segunda metade do século pasado, habitados por familias de ingresos medios e baixos. Os estudios sinalan que as vivendas en altura sen ascensor se concentran nos cascos históricos, e nas urbanizacións de aluvión construídas nos anos sesenta e setenta nas nosas cidades e vilas.

A falla de ascensores ou a escasa eficiencia enerxética dos vellos elevadores non permiten rebaixar sensiblemente as facturas eléctricas de comunidades de veciños e veciñas nas que moitas veces, no contexto de crise social que padecemos, se acumulan os impagos.

Estas necesidades están sendo cubertas pola consellería correspondente de maneira moi parcial e cunha estratexia que dende o Grupo Socialista nin entendemos plenamente, nin compartimos. No pode ser que un plan de renovación e instalación de ascensores remate os seus fondos en

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

poucas horas, cando o grao de execución orzamentaria é escandalosamente baixo na consellería correspondente.

É necesario mellorar a concepción das convocatorias, xa que falamos de axudas que se conceden por orde de petición e sempre que se cumpran os requisitos esixidos pola Administración, pero sen ter en conta prioridades de carácter social, o que na nosa opinión é inescusable nun momento como o actual.

Neste contexto de desorganización, detectamos múltiples situacións desesperantes para os cidadáns, con numerosas axudas á posta en marcha dos ascensores que son rexeitadas por razóns absolutamente incomprensibles, así como a situación de axudas que foron consignadas a tal fin y que en moitos casos seguen sen ser percibidas polos seus beneficiarios e beneficiarias.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente a Xunta de Galicia das dificultades existentes en determinados lugares da comunidade pola carencia de ascensores en vivendas en altura?
2. Ten pensado introducir algún tipo de elemento corrector que teña en conta as necesidades económicas das comunidades de veciños e veciñas á hora de priorizar as subvencións?
3. Existe algún tipo de colaboración coa Consellería de Política Social á hora de abordar a problemática das persoas maiores que residen en vivendas en altura e teñen problemas de mobilidade?
4. Considera a Xunta de Galicia a posibilidade de ampliar as partidas orzamentarias, tanto para a instalación e mellora de ascensores?
5. É consciente a Xunta de Galicia das dificultades que supón para a cidadanía acceder a estas axudas?
6. Ten pensado a Xunta de Galicia simplificas o acceso a estas subvencións?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2018 18:06
Nº Rexistro: 30179
Data envio: 27/04/2018 18:06:53.062

7. Existe algún plan de mellora no acceso a información por parte dos demandantes que poña en marcha a administración autonómica?

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 27/04/2018 18:05:36

Jóse Manuel Pérez Seco na data 27/04/2018 18:05:41

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2018 18:18
Nº Rexistro: 30185
Data envío: 27/04/2018 18:18:31.515

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

En Ourense hai dous centros de menores de reforma, o de Monteledo e Montefiz, os dous situados no complexo que está Montealegre, e xestionados pola Fundación Diagrama. O centro de menores de Monteledo ten 37 prazas de internamento, e combina réximes de pechado, semiabierto, aberto e permanencias de fin de semana. O número de menores acollidos no centro foi de 43 no 2016, e 44 no 2017.

Recentemente coñecíamos a través dos medios de comunicación da existencia dun brote de sarna nas súas instalacións. Esta é unha enfermidade contaxiosa que poden contraer tanto animais como persoas, e que provoca un picor intenso. Os síntomas cáusanos os ovos que o ácaro deposita en pequenos orificios da pel. O parasito pode sobrevivir de 24 a 36 horas fóra do corpo humano, e cóllese mediante o contacto directo e prolongado coa pel dunha persoa infectada, e a probabilidade de que se poida contraer nun abrazo ou contacto físico breve é moi baixa. Tamén se pode contaxiar a enfermidade a través da roupa, compartindo pezas, toallas ou sabanas cunha persoa afectada. O risco de pequenas epidemias é alto en lugares pechados como garderías, escolas, residencias de maiores, centros de menores ou prisións.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera a Xunta de Galicia que se están tomando todas as medidas preventivas necesarias para evitar o contaxio de enfermidades infecciosas nos centros dependentes da Administración galega?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2018 18:18
Nº Rexistro: 30185
Data envio: 27/04/2018 18:18:31.515

2. En que data se detectou o brote de sarna no centro de menores de Monteledo?
3. Nos últimos cinco anos, cantos brotes de sarna se detectaron neste centro?
4. Que medidas de prevención se tomaron cando se detectou este brote?
5. Cantas persoas se viron afectadas?
6. Durante canto tempo se mantivo activo o protocolo de actuación existente para estes casos?
7. Ten previsto a Xunta de Galicia tomar medidas preventivas para evitar brotes de sarna nas instalacións dos centros de menores da nosa comunidade autónoma?
8. En caso afirmativo, en que van consistir ditas medidas?

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 27/04/2018 18:15:06

Raúl Fernández Fernández na data 27/04/2018 18:15:11

Julio Torrado Quintela na data 27/04/2018 18:15:15

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2018 18:20
Nº Rexistro: 30192
Data envío: 27/04/2018 18:20:31.703

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A rede de Espazos Emprende, iniciativa enmarcada no programa Lidera (Catalizador de oportunidades de emprego e emprendemento novo transfronteirizo), inclúe os centros de Curtis, Noia, Pontedeume, Betanzos, Carballo, Chantada, Vilalba, Viveiro, Lalín, Vilagarcía de Arousa e Ourense, así como as oficinas transfronteirizas de Información Xuvenil Galicia – Norte de Portugal de Verín e Tui xa que esta rede abarca tamén o desenvolvemento económico transfronteirizo.

O proxecto Lidera foi aprobado ao amparo do programa Interreg V A España Portugal 2014-2020 (POCTEP) co obxectivo de promover o desenvolvemento económico transfronteirizo a través das capacidades laborais e de emprendemento dos mozos do territorio. Conta cun orzamento de 1.428.692, 93 euros e unha duración de catro anos (2016-2019).

Recentemente coñecíamos a intención da Xunta de Galicia de transformar os actuais Centros Xove ou Casas da Xuventude en Espazos Emprende, co obxectivo segundo se afirma dende o Goberno galego, de que a mocidade poida crear e desenvolver iniciativas innovadoras e emprendedoras. A iniciativa, enmarcada no programa Lidera, presentouse o 26 de marzo no Espazo Xove de Ourense pola directora xeral de Mocidade, Participación e Voluntariado. A responsable do departamento autonómico afirmou que o obxectivo destes novos espazos públicos, vai ser "tecer unha rede de apoio á empregabilidade da poboación xuvenil impulsando o espírito empresarial". O certo é que o motivo real da incursión destes programas nas Casas das Xuventude, non é máis que o de baleiralos do espírito crítico da mocidade, limitando a actividade do asociacionismo

xuvenil, ademais do de desprazar moitas actividades culturais que se veñen desenvolvendo nestes centros.
Un claro exemplo da política de desmantelamento destes centros foi o que aconteceu na Casa da Xuventude de Ourense dende a chegada de Feijoo ao Goberno galego. Este punto emblemático da cidade foi durante moitos anos o gran espazo dinamizador da cultura de Ourense, de xeito especial entre a mocidade. Fundada en 1970, a segunda máis antiga de España, foi sobre todo a partir de 1978 coa chegada á dirección de Benito Losada cando viviu os seus mellores tempos, cunha grande actividade e, ademais, un funcionamento baseado na liberdade, na democracia e na participación da mocidade. Nas súas salas desenvolvéronse iniciativas de traxectoria consolidada e con repercusión en toda Galicia, coma as Xornadas de Banda Deseñada, o Outono Fotográfico, o Maio Xove, ou a Bienal de Caricatura.

No ano 2011, tralo pasamento do seu director, a Xunta de Galicia designou como directora a Mercedes Valeiras, que accedeu a este posto a través dun concurso público aberto cheo de irregularidades. Un recurso xudicial desautorizou este nomeamento, e apartou da dirección a Valeiras, que foi nomeada "coordinadora de actividades", posto que exerce dende entón.

Neste tempo a actividade da Casa, que mesmo mudou o seu nome polo de *Espazo Xove*, permanece practicamente bloqueada, cunha excesiva burocratización, redución dos seus espazos e servizos, e un gran control político das súas actividades.

Outra das medidas tomadas pola Xunta de Galicia para baleirar do contido que tivera ata ese momento A Casa e convertelo nun edificio administrativo máis, foi situar nas súas instalacións o Punto de Encontro Familiar (PEF).

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que motivo decidiu a Xunta de Galicia transformar as Casas da Xuventude en Espazos Emprende?
2. Que consecuencias terá esta medida nas actividades que se viñan

desenvolvendo ata o de agora nas Casas da Xuventude?
3. Crearanse novas prazas de persoal nas Casas da Xuventude para desenvolver esta nova actividade?
4. En caso afirmativo, cantas prazas se crearán para desempeñar estas funcións?
5. Considera o Goberno galego que non hai suficientes centros de emprendemento para a mocidade en Galicia?
6. Que valoración fai a Xunta de Galicia de como se vai levando a cabo a xestión da Casa da Xuventude de Ourense?
7. Baixo criterios de que tipo se conceden as autorizacións conforme ás solicitudes levadas a cabo para a realización de actividades na Casa da Xuventude de Ourense?
8. Por que motivo se decidiu situar o Punto de Encontro Familiar (PEF) dentro das instalacións da Casa da Xuventude de Ourense?
9. Cal é a programación de actividades que se van levar a cabo na Casa da Xuventude de Ourense durante o ano 2018?

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 27/04/2018 17:52:00

Raúl Fernández Fernández na data 27/04/2018 17:52:07

Julio Torrado Quintela na data 27/04/2018 17:52:12

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 10:04
Nº Rexistro: 30194
Data envío: 30/04/2018 10:04:01.154

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª.**

En 2014 comezaron as obras de depuración de augas de Ribeira , cofinanciadas a través de Augas de Galicia e ACUAES, utilizando fondos europeos: "fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural"

Dende a posta en marcha da infraestrutura a veciñanza da zona, onde se instalaron as estacións de bombeo e as conducións, estiveron denunciando verquidos incontrolados, deficiencias de funcionamento na infraestrutura e malos cheiros provocados pola xeración de ÁCIDO SULFHÍDRICO, insoportable por momentos, nas zonas máis preto de ditas estacións. Tamén teñen denunciado problemas de saúde relacionados cos gases emitidos, afeccións respiratorias, reaccións alérxicas, mareos, náuseas e vómitos que relacionan cos gases que emanan das infraestruturas.

Tamén denunciaron falta de transparencia por parte das institucións, resultándolles imposible ter acceso á información relativa ás obras feitas diante das súas casas e aos informes de medicións de gases, sentíndose desamparados e nunha situación de alarma permanente.

A día de hoxe as institucións implicadas trasladan que se está traballando na solución no relativo á xeración de gases e os conseguintes cheiros, non obstante,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 10:04
Nº Rexistro: 30194
Data envio: 30/04/2018 10:04:01.154

e agardando que isto se solucione na maior brevidade posible, hai outras cuestións que seguen a provocar preocupación por parte da veciña.

Na zona de Aguiño hai un aliviadoiro que verte directamente a un regato, o río Listres, con moita asiduidade; regato que tras unha actuación de costas nese entorno, mudou o seu curso e o seu calado, estando gran parte do ano privado da súa saída ao mar, provocando inundacións que invaden os terreos particulares das veciñas.

Outra das cuestións que preocupan á veciñanza é o danada que queda a imaxe do lugar, coa conseguinte perda de valor das súas propiedades, pois, nun lugar de tanto valor paisaxístico e medioambiental, os problemas xerados por esta nova infraestrutura teñen unha importante incidencia.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Estase traballando na recuperación do curso do río Listres?

2.ª) De non ser así, estase traballando nunha solución alternativa que evite o estancamento das augas?

3.ª) Cal é a cota do aliviadoiro con respecto á marea alta?

4.ª) Tecnicamente, ata onde pode subir a cota do aliviadoiro?

5.ª) Hai previsións de camiñar cara o verquido cero?

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 10:04
Nº Rexistro: 30194
Data envío: 30/04/2018 10:04:01.154

6.ª) Hai intención de sinalar os aliviadoiros para que a cidadanía, e os e as bañistas en particular, teña constancia de por onde saen os verquidos?

7.ª) Está previsto reducir as emisións do aliviadoiro de Aguiño?

8.ª) Estase contemplando a posibilidade de poñer en marcha actuacións que restitúan o bo nome desta zona?

9.ª) Que actuacións se están a acometer para solventar as deficiencias desta obra?

10ª) Que accións se estudan para dirimir responsabilidades?

11ª) Está a obra recollida por parte das institucións?

12.ª) A cargo de quen corren os novos investimentos para solventar os problemas?

13.ª) Que repercusións están a ter ou terán estas deficiencias de funcionamento e o novo investimento sobre a empresa responsable da obra?

14.ª) Quen asume ou a quen se lle imputa por parte da Xunta o fracaso da posta en marcha desta infraestrutura?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Antón Sánchez García
Deputados do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 10:04
Nº Rexistro: 30194
Data envio: 30/04/2018 10:04:01.154

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 30/04/2018 10:01:30

Antón Sánchez García na data 30/04/2018 10:01:38

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 10:51
Nº Rexistro: 30195
Data envio: 30/04/2018 10:51:03.982

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sanchez García, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 2.ª.**

Durante a presente semana, a Xunta a través de Tragsa comezou as obras para rematar a canalización dun regato na zona da Florida en Vilagarcía de Arousa, obras que levan anos sendo motivo de debate e disputa, dado que consisten en retirar un regato que discorría polo interior dun garaxe soterrado duns edificios de vivenda colectiva próximos á rotonda da Luz Salgada en Vilagarcía.

Sen entrar a valorar a aberración que supoñía esta situación, así como da neglixente tramitación realizada pola Xunta que pode permitir a empresa responsable non ter que asumir coste algún sobre a obra de reposición que se executa. A empresa encargada da realización da obra ven de utilizar un circuíto público de BMX no entorno para acopiar refugallos e material pesado de obra, situación que esta destrozando o espazo de uso público e provocando enormes problemas estéticos nun lugar de lecer do concello de Vilagarcía, moi próximo ao parque da Coca moi utilizado pola veciñanza.

Por todo o exposto formulase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

Que vai facer a Xunta para repoñer os desperfectos e obrigar á empresa a utilizar lugares adecuados para estes usos?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2018.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 10:51
Nº Rexistro: 30195
Data envío: 30/04/2018 10:51:03.982

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 30/04/2018 10:49:59

Antón Sánchez García na data 30/04/2018 10:50:11

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 11:10
Nº Rexistro: 30201
Data envío: 30/04/2018 11:10:33.044

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre as medidas previstas na Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galiza en materia de educación.

A da Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galiza foi aprobada en abril de 2014, hai catro anos. Ao longo deste tempo foron apenas unhas poucas accións as que ten desenvolvido a Xunta de Galiza no marco da súa aplicación como o reparto de cartaces entre os centros de ensino públicos co lema 'Eu respecto'. Porén, fican moitos aspectos recollidos na mesma que non foron desenvolvidos nin aplicados.

Entre eles, a disposición adicional única que obriga o Goberno galego a remitir ao Parlamento, con carácter trianual, un informe sobre a aplicación da devandita lei. Cómpre subliñar que ese período de tempo esgotou hai un ano.

No seu articulado, a lei prevé actuacións específicas no ámbito educativo sendo este un espazo de socialización fundamental e un eido chave para construír unha sociedade equitativa.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 11:10
Nº Rexistro: 30201
Data envío: 30/04/2018 11:10:33.044

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Até o de agora, poucas foron as actuacións desenvolvidas polo Goberno galego en materia de inclusión da realidade LGBTi nos plans de estudo (artigo 22), formación do persoal docente (artigo 24), divulgación da realidade LGBTi entre a comunidade educativa, especialmente as ANPAs (artigo 25) ou encamiñadas a combater o acoso e favorecer a visibilidade (artigo 26) máis alá do protocolo educativo asinado en 2015 ou a distribución de cartaces co lema 'Eu respecto' nos centros de ensino.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Que medidas ten adoptado o Goberno galego a respecto da Lei 2/2014 no ámbito educativo?

- Cre suficiente o feito para cumprir cos obxectivos previstos na devandita lei?

- Que outras medidas prevé adoptar a Xunta de Galiza encamiñadas a desenvolver a Lei 2/2014?

- Como valora o Goberno galego o grao de cumprimento do Protocolo educativo asinado en 2015?

- Ten detectado algunha eiva na súa aplicación? Cal é o grao de difusión e coñecemento deste Protocolo entre a comunidade educativa?

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 11:10
Nº Rexistro: 30201
Data envio: 30/04/2018 11:10:33.044

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai introducir melloras que actualicen esta ferramenta?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 30/04/2018 10:53:54

María Montserrat Prado Cores na data 30/04/2018 10:54:01

Ana Pontón Mondelo na data 30/04/2018 10:54:03

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/04/2018 10:54:04

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 11:10
Nº Rexistro: 30201
Data envio: 30/04/2018 11:10:33.044

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 30/04/2018 10:54:06

Xosé Luis Bará Torres na data 30/04/2018 10:54:07

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 11:10
Nº Rexistro: 30202
Data envio: 30/04/2018 11:10:42.404

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre o cumprimento e desenvolvemento da Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galiza e as medidas que debe adoptar o Goberno galego ao respecto.

A da Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galiza foi aprobada en abril de 2014, hai catro anos. Ao longo deste tempo foron apenas unhas poucas accións as que ten desenvolvido a Xunta de Galiza no marco da súa aplicación como o reparto de cartaces entre os centros de ensino públicos co lema 'Eu respecto'. Porén, fican moitos aspectos recollidos na mesma que non foron desenvolvidos nin aplicados.

Entre eles, a disposición adicional única que obriga o Goberno galego a remitir ao Parlamento, con carácter trianual, un informe sobre a aplicación da devandita lei. Cómpre subliñar que ese período de tempo esgotou hai un ano.

Ademais, desde o colectivo LGBTi teñen denunciado incumprimentos do recollido na norma e o non desenvolvemento da mesma a través de ordes ou decretos, por exemplo, dirixidos ao ámbito laboral, a formación do persoal sanitario ou a Creación do centro de documentación previsto no artigo 27 da lei, entre outros.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 11:10
Nº Rexistro: 30202
Data envio: 30/04/2018 11:10:42.404

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Como valora o Goberno galego o grao de cumprimento e desenvolvemento da Lei 2/2014 transcorridos catro anos da súa entrada en vigor?

- Que medidas ten adoptado ao respecto?

- Cre a Xunta de Galiza que os dereitos e obrigas recollidos nesta lei están a ser respectados?

- Por que non desenvolveu até o momento o Goberno galego aspectos importantes recollidos na norma?

- Pensa desenvolver a lei a Xunta de Galiza nesta lexislatura?

- En caso afirmativo, de que maneira o fará e sobre que aspectos?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 11:10
Nº Rexistro: 30202
Data envio: 30/04/2018 11:10:42.404

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 30/04/2018 11:06:51

María Montserrat Prado Cores na data 30/04/2018 11:06:57

Ana Pontón Mondelo na data 30/04/2018 11:06:58

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/04/2018 11:06:59

Noa Presas Bergantiños na data 30/04/2018 11:07:01

Xosé Luis Bará Torres na data 30/04/2018 11:07:02

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 11:48
Nº Rexistro: 30208
Data envio: 30/04/2018 11:48:30.154

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

O pasado 8 de marzo celebrouse no noso país unha folga convocada polas organizacións sindicais, ben de paros parciais ou ben de 24 horas, que tivo como principal demandada alcanzar a igualdade real das mulleres no ámbito laboral. En concreto o sindicado CUT foi o único que a nivel Galicia convocou a folga xeral de 24 horas (de 00,00 a 24.00 horas do día 8 de marzo).

O 7 de marzo publicouse no DOG o *Decreto 26/2018 do 1 de marzo polo que se ditan normas para garantir os servizos esenciais durante a folga convocada para o día 8 de marzo de 2018,* incluíndose dentro desa regulación de servizos mínimos a relativa á Corporación de Radio e Televisión de Galicia. A CRTVG remitiu á Xunta de Galicia a relación de servizos mínimos, coa relación nominal dos traballadores, que incluían tanto homes como mulleres, para a realización dos devanditos servizos. Na devandita relación non se consideraba como servizo mínimo esencial o programa Galicia Noticias Mediodía, nin se incluía á presentadora do mesmo. A pesares do cal o día da folga mantívose a emisión do programa, e substituíse á súa presentadora habitual.

Por estes feitos, o sindicato CUT presentou o 9 de marzo de 2018 demanda de tutela de dereitos fundamentais e indemnización de danos e prexuízos contra a CRTVG na que solicitaba a declaración de vulneración do dereito á folga da CUT, ao ter minorizado deliberadamente a empresa o efecto da folga mediante a esquirolaxe interna ou substitución de traballadora.

Nunha sentenza ditada polo TSXG este 26 de abril, o tribunal acredita que, existiu unha "vulneración do dereito á folga da CUT como central

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 11:48
Nº Rexistro: 30208
Data envio: 30/04/2018 11:48:30.154

convocante da folga xeral de 24 horas en Galicia, ao ter minorizado a empresa o efecto da folga mediante a substitución dunha traballadora folguista". Declara ademais "nula a decisión empresarial de substituír á traballadora e manter a emisión do programa Galicia Noticias Mediodía". Condena á CRTVG a abonar ao sindicato unha indemnización de danos e prexuízos por importe de 15.625,50 euros). Contra a resolución ambas partes poderán interpoñer Recurso de Casación ante o Tribunal Supremo.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a CRTVG da sentenza do TSXG do 26 de abril, que condena a compañía por vulneración do dereito á folga?
2. Considera a CRTVG que as accións que desenvolveu o 8 de marzo e os días previos, respectaron o dereito á folga dos e das traballadoras da compañía?
3. Por que motivos, a pesares de que a CRTVG non considerou como servizo mínimo esencial o programa Galicia Noticias Mediodía, nin se incluía á presentadora do mesmo, mantívose a emisión do programa, e substituíse á súa presentadora habitual?
4. Ten previsto a CRTVG recorrer ante o Tribunal Supremo a sentenza do TSXG do 26 de abril, que condena á compañía por vulneración do dereito á folga?
5. En caso afirmativo, cales son os motivos polos que vai presentar recurso a esta sentenza?

Pazo do Parlamento, 30 de abril de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 11:48
Nº Rexistro: 30208
Data envio: 30/04/2018 11:48:30.154

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 30/04/2018 11:47:13

María Luisa Pierres López na data 30/04/2018 11:47:19

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/04/2018 11:47:24

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 13:14
Nº Rexistro: 30216
Data envío: 30/04/2018 13:14:00.919

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**.

O actual sistema impositivo non está a contribuír a corrixir as desigualdades económicas e, polo tanto, non cumpre a súa función teórica de ferramenta para a redistribución da riqueza. Cómpre salientar que, malia o impacto negativo da crise sobre a clase traballadora galega e, maioritariamente, sobre as mulleres, o actual sistema fiscal estatal non introduciu factores de corrección e vén a consolidar un reparto moi desigual da carga tributaria. Neste sentido, tense caracterizado por unha regresividade acrecentada polas decisións dos gobernos do Partido Popular dos últimos anos.

A día de hoxe a contribución impositiva recae fundamentalmente sobre os impostos indirectos ao consumo e ás rendas do traballo, fronte ás de capital, ao que se suman unha serie de condicións para a declaración da renda que non inclúen suficientes posibilidades de desgravacións para favorecer aos colectivos máis vulnerábeis de forma suficiente. Dese xeito, o resultado é un sistema fiscal cun baixo nivel de presión fiscal sobre determinadas rendas e un reparto pouco equitativo da carga fiscal que impide o desenvolvemento dun sistema de benestar e dos recursos necesarios para poder adoptar medidas correctoras da desigualdade.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 13:14
Nº Rexistro: 30216
Data envío: 30/04/2018 13:14:00.919

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De forma particular cómpre sinalar que á hora de levar a cabo as obrigas para a declaración da renda, os poderes públicos teñen arbitrado determinadas circunstancias que desgravan á hora de cumprir coas obrigas fiscais. Entre elas varias destinadas á protección e estímulo da natalidade e da familia como institución social. Porén, neste camiño o Bloque Nacionalista Galego ten observado unha ausencia importante que tamén ten sido denunciada por asociacións e colectivos sociais.

As formas de vida e a configuración das familias abranguen unha alta variedade, dependendo de factores sociais, económicos, culturais ou de escolla afectiva e persoal. Neste sentido, salienta un baleiro importante canto ás familias monoparentais e a atención á súa especificidade. A xuízo do Bloque Nacionalista Galego é preciso impulsar desde o ámbito galego e estatal unha maior protección.

Máis aínda, cómpre ter en conta que estamos a falar de familias maioritariamente encabezadas por mulleres e que polo tanto sofren as repercusións negativas da desigualdade laboral, económica e salarial, entre outras, que aínda rexen na sociedade. Así mesmo, cómpre salientar como as familias monoparentais están a aumentar ano tras ano. Segundo os datos oficiais do propio Instituto Galego de Estatística no 2007, o primeiro ano con estes datos a respecto da Enquisa Estrutural a Fogares, había en Galiza 188.452 fogares monoparentais e no último dato dispoñíbel, o 2016 o número chega até 110.156 fogares monoparentais, o que constitúe o 10,4% do total dos fogares.

Na actualidade, a *Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galiza* contempla no seu Capítulo II, Sección 7.ª Acción protectora das familias de especial consideración o seguinte: *f) No ámbito tributario, mediante*

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 13:14
Nº Rexistro: 30216
Data envío: 30/04/2018 13:14:00.919

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o establecemento pola Xunta de Galicia de beneficios fiscais na área das súas competencias. Porén, case sete anos despois da súa aprobación, este aspecto non está desenvolto canto ás posíbeis deducións autonómicas no campo da renda. No ámbito estatal contémplanse, alén das deducións por fillos e fillas, deducións para familias monoparentais con dous fillos. Porén, neste marco quedan moitas familias monoparentais dun só fillo ou filla que non poden acollerse a esta dedución.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

-Que medidas fiscais e tributarias ten previstas o goberno galego para contribuír á redistribución da riqueza canto ás familias monoparentais?

-Considera o Goberno galego que ten desenvolto os mecanismos precisos para axudar, no ámbito das súas competencias, a que o crecente número de familias monoparentais do noso país vexan reducido o seu potencial risco de pobreza e exclusión social?

-Considera o Goberno galego que o sistema tributario é xusto para coas familias monoparentais ou, pola contra, que a súa regulamentación está aínda moi vinculada ao modelo tradicional de familia?

-Ten avaliado o Goberno galego o impacto nas familias monoparentais galegas da crise económica e dos recortes en materia de servizos públicos e sociais?

-Nun contexto de crise demográfica e avellentamento, considera o Goberno galego que ten feito esforzos suficientes para crear un ambiente de protección

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 13:14
Nº Rexistro: 30216
Data envio: 30/04/2018 13:14:00.919

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

suficiente para o desenvolvemento da maternidade ou paternidade individual por elección propia?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 30/04/2018 12:39:47

María Montserrat Prado Cores na data 30/04/2018 12:39:51

Ana Pontón Mondelo na data 30/04/2018 12:39:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/04/2018 12:39:53

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 13:14
Nº Rexistro: 30216
Data envio: 30/04/2018 13:14:00.919

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 30/04/2018 12:39:54

Xosé Luis Bará Torres na data 30/04/2018 12:39:56

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 13:20
Nº Rexistro: 30219
Data envio: 30/04/2018 13:20:01.201

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7.ª**, sobre o arranxo das pistas da CMMVVMC Trepa-Valdeguas no Concello de Riós.

A CMMVVMV de Valdeguas, con domicilio en A Trepa s/n encontrase a día de hoxe suxeita a convenio coa Xunta de Galicia con número de elenco 32155180 "Valdeguas".

O día 3 de agosto do ano 2017, o monte sufriu un terrible lume que afectou a esta comunidade de montes arrasando unha importante masa de *Pinus Pinaster no Polígono 006 (Parcelas 00825 e 00792) e no Polígono 009 (Parcela 00027), con referencia catastral 32092A00600792.*

O pasado mes de outubro do ano 2017, o DOG publicou o Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017.

A Xunta de Galicia encargoulle a Tragsa S.A a encomenda da eliminación da madeira queimada deste monte, monte onde o estado das pistas previo á entrada da maquinaria estaba en perfectas condicións. O día 31 de marzo de 2018, nunha visita feita polos comuneiros, puido observarse como as pistas están nun lamentable estado, dende fundidos e fochancas ata cunetas destrozadas, de tal maneira, que en moitos casos non pasan nin os tractores.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 13:20
Nº Rexistro: 30219
Data envio: 30/04/2018 13:20:01.201

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Estamos acostumados a ver como as empresas madeireiras soen facer e desfacer como lle peta no momento de actuar nos nosos montes comunais, sen que a Xunta de Galicia lle pida fianza para repor os camiños ou lle obrigue a arranxalos ao final dos traballos, tendo que ser as e os comuneiros/veciñanza as que asuman ese gasto do seu peto.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.ª:

Ten pensado a Xunta de Galicia reparar de forma urxente as pistas, cunetas e pasos de auga, anteriormente citados, para restaurar a normalidade nun monte que está a xerar riqueza e a fixar poboación no medio rural?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 30/04/2018 13:18:07

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 13:44
Nº Rexistro: 30224
Data envío: 30/04/2018 13:44:06.013

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A falla de dilixencia do Goberno de Galicia na execución orzamentaria de fondos propios que cofinancien os fondos europeos, está poñendo en risco multitude de infraestruturas que o goberno de Núñez Feijoo mantén paralizadas a día de hoxe, ao tempo que pode supor a perda destes recursos económicos que se habían negociado para Galicia co obxectivo da converxencia.

Unha delas, neste caso na comarca de O Baixo Miño, é a Vía de Alta Capacidade Tui - A Guarda, algúns dos seus tramos se atopan literalmente paralizados dende hai anos como vimos denunciando reiteradamente dende o Grupo Socialista a través de iniciativas parlamentarias, propostas de resolución no debate do Estado da autonomía e emendas aos orzamentos da Xunta de Galicia.

O primeiro tramo da Vía de Alta Capacidade de Tui á Guarda foi presentado no ano 2004 e, dende entón, é a historia concatenada de despropósitos e mala xestión cuxo resultado, despois de 12 anos, é a construción de só 10 dos 24 quilómetros totais. Chegando ao despropósito de que en abril de 2016 se utilizasen fondos previamente destinados á VAC de Tui-A Guarda para o Corredor do Morrazo, causando lexítima indignación na comarca do Baixo Miño

A pesar da súa adxudicación no ano 2011 e que en cada orzamento se "pintan sobre o papel" contías variables para a realización desta obra, a realidade é que só existen tramos con explanacións feitas para iniciar o seu trazado que levan anos abandonadas, con graves prexuízos para os concellos, viais municipais, canalizacións de augas, etc.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 13:44
Nº Rexistro: 30224
Data envio: 30/04/2018 13:44:06.013

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten a Xunta de Galicia un calendario de desenvolvemento dos proxectos dos tramos restantes na VAC Tui – A Guarda?

2. Existen proxectos consensuados para os tramos comprendidos entre o enlace de Áreas e Goián?

3. Despois do desvío de fondos asignados inicialmente a VAC Tui – A Guarda a outros proxectos, existe dispoñibilidade orzamentaria para afrontar os tramos restantes?

4. Cando ten previsto o Goberno de Galicia retomar a construción da VAC Tui - A Guarda?

5. Cales son as razóns da prolongada paralización desta infraestrutura?

6. É consciente o goberno galego dos efectos negativos que a falla de eses 14 quilómetros de VAC supón para a actividade económica e a vida dos cidadáns e cidadás de Tomiño, O Rosal e A Guarda?

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 13:44
Nº Rexistro: 30224
Data envio: 30/04/2018 13:44:06.013

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/04/2018 13:42:54

Raúl Fernández Fernández na data 30/04/2018 13:43:01

María Luisa Pierres López na data 30/04/2018 13:43:05

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 30227
Data envío: 30/04/2018 14:15:59.841

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª,** sobre as medidas que está a levar a cabo a Consellería de Medio Rural no pastoreo en terreos queimados.

O manexo do gando no monte está a experimentar unha cadea de trabas nos últimos anos. Primeiro foron as restricións aos pastos arbustivos nas axudas da PAC e a última vaga de lumes fixo patente outro problema endémico, as penalizacións que sofren as ganderías en extensivo polos pastos queimados.

Un dos principais problema é que teñen que cruzar zonas queimadas para levar ao rabaño a pastos de lonxe.

As gandeiras e gandeiros están a sacar permisos na Consellería de Medio Rural para poder pasar por camiños públicos con afectación de terras queimadas particulares a ambas marxes e, seguindo escrupulosamente a Lei de Prevención de Incendios.

A lexislación marca que nos dous anos seguintes ao incendio estea prohibido o pastoreo en terreos queimados. A lei actual só conduce ao abandono desa terra. Se os gandeiros e as gandeiras que quedaron sen alimento e coa maior parte da superficie queimada ou afectada non poden pastorear no inverno, a explotación gandeira está condenada ao seu peche.

Algunhas das contestacións que están a recibir as gandeiras e gandeiros que solicitan esa excepcionalidade son as seguintes:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 30227
Data envio: 30/04/2018 14:15:59.841

GRUPO PARLAMENTAR en marea

"*Aínda que o paso con animais por camiños públicos nos terreos queimados non é obxecto na prohibición establecida, dito paso require a debida dilixencia do responsable dos animais para que estes non paren a pastorear nos terreos forestais afectados polo incendio, xa que de detectarse que isto sucede, estaría incorrendo nunha infracción administrativa".*

A consellería tamén anunciou que, de xeito excepcional, ía permitir computalos na PAC, pero a realidade é que na orde de axudas da PAC non se marca ningún tipo de excepcionalidade para que os gandeiros poidan facer uso do pasto que precisan para alimentar os animais. En teoría, por tanto, non se poden empregar nos dous anos seguintes á data do lume nin declaralos na PAC.

Se declaran esa superficie queimada estarán incorrendo nunha sanción administrativa, pero se seguen as directrices que marca a Lei, perderán os dereitos de pago base por non declarar esa superficie durante dous anos seguidos.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Pregunta:

- Que está a facer a Consellería de Medio Rural para eliminar a prohibición de pastorear en terreos queimados, de forma excepcional en terreos afectados con moita superficie queimada ou gandería en extensivo?

Santiago de Compostela a 30 de abril de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Paula Quinteiro Araujo
Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 30227
Data envio: 30/04/2018 14:15:59.841

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 30/04/2018 14:12:15

Paula Quinteiro Araújo na data 30/04/2018 14:12:23

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 30236
Data envío: 30/04/2018 16:15:48.415

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O chamado transporte metropolitano de Galicia non deixa de ser unha denominación baixo a cal se dá cobertura a diversos transportes de persoas con carácter inter-municipal ou inter-comarcal. Estamos a falar dunha competencia que corresponde na súa totalidade, ao 100 %, incluído o seu financiamento, á Comunidade Autónoma.

Moitos concellos están a poñer en cuestión se deben continuar pagando uns servizos que deberan ser financiados en exclusiva pola Xunta de Galicia, sen explicar o motivo polo cal a Comunidade Autónoma está a cargar aos concellos cun financiamento que non lles correspondía asumir. Mais cando nos orzamentos autonómicos os fondos transferidos dende a Xunta de Galicia aos concellos, levan anos descendendo e dedicando menos recursos a estas administracións locais.

É evidente que na busca de melloras na calidade de vida dos seus cidadáns e cidadás, algúns concellos teñen mostrado o seu interese en incorporarse ao transporte metropolitano das súas áreas urbanas de referencia. E tendo en conta as obxectivas dificultades financeiras de moitos concellos de Galicia, tendo en conta que teñen que asumir competencias que non lle son propias, parece razoable avaliar o seu custo e o seu impacto económico nas contas municipais.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 30236
Data envío: 30/04/2018 16:15:48.415

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É coñecedora a Xunta de Galicia de que hai moitos concellos en Galicia que teñen manifestado o seu desexo de incorporarse ao transporte metropolitano das súas áreas urbanas de referencia?

2. Ten avaliado a Xunta de Galicia os custos e as posibilidades financeiras deste grupo de concellos, tendo en conta as competencias autonómicas en materia de transporte interurbano?

3. Ten pensado facelo, polo menos daqueles que o teñen solicitado?

4. De ser así, manexa un calendario a administración autonómica para a realización destes estudos financeiros?

Pazo do Parlamento, 30 de abril de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/04/2018 16:14:47

Raúl Fernández Fernández na data 30/04/2018 16:14:57

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 30236
Data envio: 30/04/2018 16:15:48.415

Grupo Parlamentario

María Luisa Pierres López na data 30/04/2018 16:15:02

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2018 11:28
Nº Rexistro: 30286
Data envío: 02/05/2018 11:28:57.705

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª**.

A ONU declarou en 1980 que a violencia machista é o crime máis encuberto do mundo. Este recoñecemento internacional cristalizou grazas a décadas de denuncia do feminismo para situar na primeira orde do debate social e político a existencia dunha violencia que se exerce contra as mulleres polo simple feito de selo, unha violencia caracterizada tamén pola súa invisibilidade e ocultamento social.

A violencia exercida contra as mulleres ten sido historicamente ocultada, invisibilizada e non priorizada nas axendas políticas. Aínda foi no ano 1993 cando a Asemblea Xeral da ONU aprobou a «Declaración sobre a eliminación da violencia cara á muller», na que recoñece que «a violencia cara á muller constitúe unha manifestación de relacións de poder historicamente desiguais entre o home e a muller, que conduciron á dominación da muller e á discriminación na súa contra por parte do home e impediron o avance pleno da muller, e que a violencia contra a muller é un dos mecanismos sociais fundamentais polo que se forza a muller a unha situación de subordinación respecto do home». No seu artigo 1º define, por primeira vez no marco internacional, a violencia cara á muller como «todo acto violento baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se produce na vida pública coma na privada». As violacións son unha

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2018 11:28
Nº Rexistro: 30286
Data envío: 02/05/2018 11:28:57.705

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

das manifestacións máis crueis desta violencia contra as mulleres e debe ser obxecto de toda a sociedade a súa repulsa e combate.

Galiza está dotada dun amplo marco legal que inclúe a violencia sexual como unha forma de violencia machista desde o ano 2007. Porén, continúa a ser un importante problema na nosa sociedade diante do que as administracións deben poñer todo o seu compromiso para o seu cumprimento efectivo, para o que son precisos recursos e a actualización do marco normativo así como a posta en marcha de medidas concretas que abrangan a complexidade das agresións machistas contra as mulleres.

É preciso recordar a importancia e gravidade das violacións e agresións sexuais na nosa sociedade. Segundo datos do propio Consello Xeral do Poder Xudicial hai un 80% de feitos delitivos que non se denuncian. Galiza está dotada dun amplo marco legal que inclúe a violencia sexual como unha forma de violencia machista desde o ano 2007. Porén, continúa a ser un importante problema na nosa sociedade diante do que as administracións deben poñer todo o seu compromiso. Segundo os datos do Ministerio de Interior foron denunciadas en Galiza no ano 2017 ata 44 agresións sexuais con penetración e 415 denuncias acaparan restantes delitos contra a liberdade sexual. Así mesmo, cómpre reflexionar sobre todos aqueles casos que quedan no silencio. Algúns deles, reflexados na iniciativa social Mapa do Medo que, a través das redes sociais, recompilou agresións e testemuñas.

Os poderes públicos debemos comprometernos con construír unha sociedade máis xusta onde o machismo e as violacións e agresións sexuais non teñan cabida nin a máis mínima tolerancia.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2018 11:28
Nº Rexistro: 30286
Data envío: 02/05/2018 11:28:57.705

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que medidas específicas para a eliminación das agresións sexuais ten deseñado ou vai deseñar o goberno galego?

-Considera a Xunta de Galiza que ten desenvolto de forma suficiente o contemplado a respecto das violencias sexuais na Lei 11/2007 de violencia de xénero?

-Ten avaliado de forma cuantitativa e cualitativa a incidencia das agresións sexuais na sociedade galega? A través de que ferramentas? Con que resultados?

-Considera o goberno galego que ten explorado de forma suficiente a incidencia das agresións sexuais na mocidade e a través das novas formas de mensaxería e comunicación, como as redes sociais? Con que actuacións? Con que resultados?

-Considera o goberno galego que a atención específica a vítimas de violencia sexual está suficientemente dotada e desenvolta?

-Pensa o goberno galego que son suficientes e funcionan os protocolos e/ou instrucións adoptadas no ámbito sanitario? E no ámbito policial? E no xudicial?

-Canto á sensibilización e formación, pensa a Xunta de Galiza que se ten impulsado que a sociedade considere as violacións e agresións sexuais como violencia machista?

-Ten avaliado o goberno galego a idoneidade de que as denuncias de delitos sexuais sexan tramitadas a todos os efectos como violencia machista? Ten trasladado esta cuestión aos organismos competentes?

-Ten avaliado a Xunta de Galiza a necesidade de desenvolver campañas de concienciación que poñan o foco sobre os agresores?

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2018 11:28
Nº Rexistro: 30286
Data envío: 02/05/2018 11:28:57.705

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ten desenvolvido medidas o goberno galego para, en colaboración con outras administracións e institucións, desenvolver espazos máis seguros para as mulleres?

-Que indicadores emprega o goberno galego para facer seguimento da violencia sexual e do acerto ou non das súas políticas?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/05/2018 11:28:35

María Montserrat Prado Cores na data 02/05/2018 11:28:40

Ana Pontón Mondelo na data 02/05/2018 11:28:41

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2018 11:28
Nº Rexistro: 30286
Data envio: 02/05/2018 11:28:57.705

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/05/2018 11:28:43

Olalla Rodil Fernández na data 02/05/2018 11:28:44

Xosé Luis Bará Torres na data 02/05/2018 11:28:45

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2018 11:30
Nº Rexistro: 30292
Data envio: 02/05/2018 11:30:10.377

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A conselleira de Infraestruturas e Vivenda informou no Parlamento dos datos de chamadas de reserva no transporte a demanda e das persoas usuarias do transporte compartido. Como a sra Vázquez Mourelle deu datos xenéricos para toda Galiza, o Grupo Parlamentar do BNG a través das deputadas e deputados asinantes presenta as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Cales son os datos de chamadas de reserva por liñas de transporte público e por cada mes desde o inicio do servizo? Como é o sistema de xestión das chamadas? Quen se encarga da información e difusión deste servizo?

2. Cales son os datos de persoas usuarias (non escolares) por liña de transporte compartido e por mes desde o inicio do servizo?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2018 11:30
Nº Rexistro: 30292
Data envio: 02/05/2018 11:30:10.377

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 02/05/2018 11:07:56

María Montserrat Prado Cores na data 02/05/2018 11:08:01

Ana Pontón Mondelo na data 02/05/2018 11:08:03

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/05/2018 11:08:04

Olalla Rodil Fernández na data 02/05/2018 11:08:06

Noa Presas Bergantiños na data 02/05/2018 11:08:07

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2018 13:14
Nº Rexistro: 30300
Data envío: 02/05/2018 13:14:42.268

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á corrección das deficiencias de sinalización e falta de seguridade do Camiño de Santiago ao seu paso por Seixalbo (Ourense).

A ruta da prata ou Camiño Mozárabe é a ruta xacobea de maior percorrido, conectando o sur da península con Santiago de Compostela constituíndo a prolongación dunha antiga calzada romana que unía a localidade de Mérida con Astorga. Esta vía mantívose viva na Alta Idade Media, primeiro cos visigodos e despois baixo dominación islámica. Posteriormente, na Baixa Idade Media os e as cristiás mozárabes recristianizárona e comezaron as peregrinacións desde o sur, tanto desde Andalucía como desde Estremadura. A día de hoxe é unha ruta moi visitada nos seus diferentes tramos e tamén hai moitas persoas que fan un anaco dela desde diferentes puntos. Xa na Galiza, esta ruta ten dous posíbeis itinerarios, un por Laza e outro por Verín, que conflúen no seu paso pola cidade de Ourense e os seus arredores.

Cómpre recordar que Seixalbo goza da consideración de Núcleo de Interese Etnográfico. As súas condicións de conservación fan que este núcleo sexa un valor engadido para as e os visitantes que cheguen a Ourense a través do Camiño e, ao mesmo tempo, require que o propio Camiño sexa un elemento de dinamización para a poboación. Porén, a día de hoxe existen varias problemáticas vencelladas que poden ir en detrimento destes factores de desenvolvemento así como da seguridade e sinalización

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2018 13:14
Nº Rexistro: 30300
Data envio: 02/05/2018 13:14:42.268

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do camiño, que repercutirán nunha peor experiencia tanto para as persoas peregrinas como para aquelas que empregan este treito do camiño, próximo á cidade, para practicar deporte e actividades de lecer. A isto súmanse as modificacións no propio recorrido do camiño que se impuxeron co trazado ferroviario pola falta de permeabilidade entre os núcleos de poboación por mor da infraestrutura.

Ao abeiro do Plan Director do Camiño contémplase a Liña estratéxica 3: Conservación e mantemento do Camiño de Santiago que recolle entre as súas actuacións prioritarias tanto a 3.1 . Mantemento viario, sinalización e seguridade vial no Camiño de Santiago como a 3.2 Camiño de Santiago accesíbel.

Actualmente, as e os peregrinos que veñen desde o alto de Bemposta dirección Ourense atravesan a zona da rúa Santa Águeda. En primeiro lugar, trátase dun tramo confuso e con deficiente sinalización que fan que as e os peregrinos continúen pola rúa Santa Águeda cara á dereita, con dirección á rúa camiño do tren no lugar de desviárense lixeiramente cara a esquerda ata atoparse coa vía do tren. Sería preciso, polo tanto, unha mellora da sinalización neste punto.

Así mesmo, en segundo lugar, as e os peregrinos ao atopárense coa vía do tren deben coller en paralelo á vía cara á esquerda un carreiro que desemboca na estrada Ou-105 e pasar por debaixo dunha ponte sobre a que discorre a vía. Porén, dunha banda hai unha deficiente sinalización pero tamén un problema de seguridade evidente (coordenadas 42°18'06.7"N 7°51'15.9"W). Nesta zona pasan coches a velocidade considerábel hai mala visión tanto para a ou o viandante (que non ten ningún sinal de advertencia) como para os vehículos (que teñen un único sinal de advertencia xa na inmediatez do cruce). Non hai tampouco elemento de seguridade algún (beirarrúa, vallas, espellos…) que permita prever o paso do vehículo ou da persoa viandante nin velar pola súa protección.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2018 13:14
Nº Rexistro: 30300
Data envío: 02/05/2018 13:14:42.268

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O referido Plan Director contempla a necesidade de priorizar as intervencións no Camiño de Santiago naquelas situacións nas que, como neste caso:

- Vese concidionada a seguridade das e dos peregrinos

- Conviven outros elementos de sinalización que dificultan a identificación do Camiño

- É precisa a eliminación da sinalización ilícita.

Máis aínda, desde o Bloque Nacionalista Galego queremos facer notar, ademais, o risco engadido no caso de tratarse de peregrinaxe a cabalo. Por outra banda, é preciso mellorar a sinaléctica da zona, tamén de cara a poñer en valor a contorna da Capela de Santa Águeda e indicar que, por exemplo, hai fontes aptas para o emprego humano, xa que, por mor das deficiencias así como da ruptura no camiño que supón a vía e a falta dun paso subterráneo, pasa desapercibida para moitas das persoas visitantes da ruta.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para corrixir os problemas de seguridade viaria do Camiño de Santiago ao seu paso por Seixalbo?

Considera o goberno galego que, a efectos da precaución por parte das persoas condutoras, é suficiente ter indicación só en sentido descendente no tramo referente á Ponte da vía do tren da estrada OU- 105 ao seu paso por Seixalbo?

Pensa o goberno galego que as e os peregrinos poden ter conciencia da perigosidade do tramo coa sinaléctica actual?

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2018 13:14
Nº Rexistro: 30300
Data envío: 02/05/2018 13:14:42.268

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten desenvolto estudos específicos sobre esta zona nos últimos catro anos? Cales? Considera que a actitude do Concello de Ourense está a ser dilixente coas demandas da veciñanza?

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para corrixir os problemas de sinalización do Camiño de Santiago ao seu paso por Seixalbo que derivan en continuas desorientacións das e dos usuarios?

Considera a Xunta de Galiza que conviven outros elementos de sinalización que dificultan a identificación do Camiño? Que vai facer para reconducir a situación?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2018 13:14
Nº Rexistro: 30300
Data envio: 02/05/2018 13:14:42.268

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 02/05/2018 13:12:56

María Montserrat Prado Cores na data 02/05/2018 13:13:00

Ana Pontón Mondelo na data 02/05/2018 13:13:01

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/05/2018 13:13:03

Olalla Rodil Fernández na data 02/05/2018 13:13:04

Xosé Luis Bará Torres na data 02/05/2018 13:13:05

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2018 16:30
Nº Rexistro: 30310
Data envio: 02/05/2018 14:30:35.314

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.ª.**

O método anticonceptivo ESSURE é un dispositivo que consiste nun resorte de metal composto de titanio, níquel e aceiro inoxidable con fibras de poliéster, que é introducido nas trompas de falopio, creando nas mesmas unha obstrución progresiva que provoca o efecto anticonceptivo.

A polémica deste anticonceptivo xira entorno aos efectos secundarios adversos que provoca na saúde das mulleres que o utilizan, o que levou a súa retirada primeiro en Reino Unido o 13 de xuño de 2017 e en setembro dese mesmo ano en España de xeito temporal, pasando a ser definitivo en novembro. Actualmente a súa comercialización está prohibida en toda a Unión Europea.

Con todo, existen mulleres afectadas por eses efectos secundarios tales como dores na zona pélvica e abdominal, efectos no sistema inmunolóxico, alerxias ao níquel, migrañas ou efectos secundarios hormonais que afectan directamente a saúde das mesmas.

Ante esta situación, foron moitas as que se organizaron e están a denunciar por diferentes vías os danos ocasionados na saúde, intentando facer conciencia da propia dimensión do problema.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2018 16:30
Nº Rexistro: 30310
Data envío: 02/05/2018 14:30:35.314

- Ten coñecemento o Goberno de cantas mulleres en Galicia levan este método anticonceptivo?
- Ten coñecemento o Goberno de cantas mulleres en Galicia está a sufrir os efectos adversos do mesmo?
- Foron remitidas queixas á Consellería de Sanidade ou o SERGAS en relación a esta asunto?
- Existen algún protocolo no SERGAS para a retirada deste anticonceptivo?
- Cal era o protocolo que se seguía en relación á información e consentimento cando se implantaba este método?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 02/05/2018 13:49:06

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 30337
Data envio: 02/05/2018 18:52:22.877

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga, Luís Villares Naveira, Francisco Casal Vidal e Paula Quinteiro Araújo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 8.ª.**

O BOE ven de incluír, na súa publicación do luns 30 de abril de 2018, a Resolución da Secretaría General de Pesca referente ás disposicións de ordenación da pesca da sardiña ibérica nas augas ibéricas da zona CIEM VIIIc e IXa.

Esta resolución inclúe, no seu punto cuarto, a posta en marcha dun programa de observadores científicos a bordo designados pola Secretaría General que, de mutuo acordo co sector, embarcarán nalgúns buques das mareas dirixidas á sardiña ibérica. A motivación de dito programa atoparíase na delicada situación na que se atopa o stock de sardiña.

A resolución establecemento cotas máximas de descarga en 7300 t. ate o 31 de xullo, con posibilidade de ampliación dependo do estado no que se atopen os caladoiros. O programa de científicos embarcados tería, entre outros obxectivos, avaliar o alcance das medidas acordadas polos gobernos español e portugués, e xogaría un papel importante na posible ampliación das cotas máximas de descarga no mes de agosto.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 30337
Data envio: 02/05/2018 18:52:22.877

Porén, a día de hoxe non contamos con ningunha información referida a este programa. Descoñecemos o número de científicos incorporados á flota, os buques nos que embarcaran e non temos coñecemento tampouco de ante quen presentarán os informes ou con que periodicidade o farán. Isto non é só unha cuestión de gravidade por ter comezado xa a campaña, senón pola enorme importancia que este sector ten para economía de Galicia.

A publicación fai referencia expresa no seu parágrafo primeiro a unha situación preocupante dos stocks de sardiña Ibérica, pero en ningún caso enumero os datos e estudios científicos que o corroboran, cando debería existir ao noso entender cando menos tres ámbitos diferentes de xestión e regulamentación da ordenación desta pesquería.

Un destes plans específicos debería ser realizado pola Xunta de Galicia no exercicio das súas competencias, enunciadas no Estatuto de Autonomía, así por exemplo a competencia exclusiva en augas interiores, é dicir nas rías Galegas, fai necesario que a Xunta exerza estas competencia, establecendo un plan de xestión propio para a pesca da sardiña pola arte do Xeito, por existencia dun ámbito competencial propio. Pero tamén polo baixo impacto que no conxunto do stock ten a aplicación desta arte tradicional galega de moi baixo impacto e pouca significación sobre o total de capturas.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Pregunta para resposta oral en Comisión**:**

Cal é a información concreta que ten a Xunta sobre os mecanismos de avaliación do stock previstos nesta resolución ?

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 30337
Data envío: 02/05/2018 18:52:22.877

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Que información existe a día de hoxe arredor do programa de científicos a bordo antes citado?

Cal é o motivo polo que a Xunta continua a permitir a inxerencia doutra administración nas súas competencias sobre a xestión da pesquería da sardiña pola arte do xeito?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2018.

Carmen Santos Queiruga
Luís Villares Naveira
Francisco Casal Vidal
Paula Quinteiro Araújo
Deputadas e deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 02/05/2018 18:51:11

Luis Villares Naveira na data 02/05/2018 18:51:20

Francisco Casal Vidal na data 02/05/2018 18:51:27

Paula Quinteiro Araújo na data 02/05/2018 18:51:35

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 30340
Data envío: 02/05/2018 19:19:47.971

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e **Eva Solla Fernández,** deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**

O Centro de Saúde de Baltar (Portonovo – Sanxenxo), está catalogado como PAC. A pesares disto e de estar situado nunha zona densamente poboada, non conta con servizo de pediatría de urxencias. Polas mañás, o Centro de Saúde conta con dúas prazas de pediatría.

Hai que destacar que ata o ano 2007 a comarca contaba cun PAC pediátrico en Cambados. Dende 2015 as substitucións en pediatría son eventuais e hai un problema de sobrecarga de traballo neste servizo no PAC de Baltar.

Por outra parte, este Centro de Saúde non dispón de ambulancia medicalizada durante todo o ano, só a ten no verán. Deste servizo, a súa isocrona curta cubriría os concellos de Sanxenxo, O Grove, Cambados, Meaño, Meis, Ribadumia e Poio, e a súa isocrona longa os concellos de Vilanova de Arousa, Vilagarcía e A Illa.

O equipo de Urxencias do Hospital do Salnés considera fundamental a dotación da comarca cunha ambulancia medicalizada (ambulancia asistencia de soporte vital avanzado) durante todo o ano para mellorar a atención ás persoas infartadas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 30340
Data envío: 02/05/2018 19:19:47.971

GRUPO PARLAMENTAR en marea

O PAC de Baltar tamén arrastra carencias en recursos materiais e falta de persoal. Estas carencias son máis patentes no verán, co aumento da poboación no período vacacional.

A EOXI de Pontevedra anunciou a potenciación da operatividade asistencial do Centro de Saúde de Baltar cun plan de mellora e ampliación das dependencias sanitarias que non satisfacen en absoluto as demendas da Plataforma Veciñal de Sanxenxo e persoas usuarias. Denuncia a Plataforma Veciñal que "as habitacións de descanso para o persoal da ambulancia medicalizada son auténticos zulos" ou que "a nova porta de urxencias fixérona tres veces, e unha vez rematada tiveron que volver desfacela porque non entraba a padiola da ambulancia. A nova sala de extracción foi inaugurada … sen ter os ordenadores e o material necesario debidamente preparado."

Polo exposto, as deputadas que subscriben presentan a seguinte Pregunta oral en Comisión:

- Ten previsto a Xunta dotar ao Salnés dunha ambulancia medicalizada durante todo o ano?

- Ten previsto a Xunta aumentar a atención pediátrica no PAC de Baltar?

- Ten previsto a Xunta resolver as carencias materiais e de persoal do PAC de Baltar?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Eva Solla Fernández
Deputadas do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 30340
Data envío: 02/05/2018 19:19:47.971

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 02/05/2018 19:19:06

Eva Solla Fernández na data 02/05/2018 19:19:16

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 13:05
Nº Rexistro: 30366
Data envío: 03/05/2018 13:05:21.120

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4.ª**, relativa ao estado de conservación do CEIP A Ramallosa en Teo.

Recortes reiterados e abandono, eses foron os dous piares da política do Partido Popular respecto á conservación e mantemento dos centros educativos do país.

Unha partida que pasou de algo máis de 11 millóns e medio de euros en 2008, a 4.650.000 euros nestes últimos orzamentos, que en termos reais, isto é descontando as variacións do IPC, supón case un 70% menos. Un 70% menos que se traduce en aulas en mal estado, alumnado en clase con abrigo, cubertas que seguen tendo amianto e, en definitiva, ausencias graves de infraestrutura escolar nun parque escolar avellentado.

Neste senso, as deficiencias nas escolas acumúlanse, tal e como acontece no CEIP A Ramallosa en Teo.

De feito hai tempo que a ANPA e o propio Consello escolar do centro levan denunciando as necesidades urxentes que teñen.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Vai atender o Goberno galego as demandas de mellora da ANPA do CEIP A Ramallosa?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 13:05
Nº Rexistro: 30366
Data envio: 03/05/2018 13:05:21.120

- En que prazo?

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 03/05/2018 13:00:22

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 03/05/2018 13:00:29

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 13:16
Nº Rexistro: 30373
Data envío: 03/05/2018 13:16:14.449

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A atención hospitalaria dos hospitais comarcais de Galicia viuse afectada pola aprobación da reforma da Lei de saúde. A situación particular de cada un deles, dependendo das especificidades, está marcada pola dificultade para completar os seus servizos pola discriminación recibida no plano de xestión de recursos, a favor dos hospitais das grandes cidades.

O caso do Hospital de O Salnés é un paradigma desta situación. O Hospital de O Salnés é un dos de menos capacidade de toda Galicia (número de camas, persoal…), a pesares de atender a unha comarca dinámica, en crecemento e con niveis de actividade elevada que, nas épocas de vacacións e especialmente na época estival, recibe un gran número de visitantes multiplicando a súa poboación que, xa de maneira estándar, supera os 100.000 habitantes nas épocas de menor presencia.
O goteo de perda de profesionais, e por tanto redución de calidade asistencial, vén sendo unha constante nos últimos tempos. Nas recentes semanas foi coñecida a non substitución dunha boa parte dos profesionais de medicina interna, quen por causa de baixas ou vacacións, non están dispoñibles. Esta perda de capacidade do servizo conleva ter que derivar pacientes ao Centro Hospitalario de Pontevedra ou, nalgún caso, á sanidade concertada. Isto conleva gasto extra tanto para os particulares como para o propio sistema sanitario. A esta situación engádese a necesidade de reposición dun profesional de neuroloxía que o centro necesitaba hai apenas uns meses e que, unha vez que foi contratado pola EOXI, tivo o seu lugar de traballo no sinalado centro de Pontevedra aínda que a necesidade sanitaria estaba localizada no centro de O Salnés.

A ampliación do servizo de urxencias, financiada con fondos europeos, permitiría aumentar a capacidade de atención neste espazo, pero para

poder atender a esa ampliación o cadro de persoal non foi reforzado con ningún profesional máis, o que conlevou dende entón que parte dos servizos e instalacións non poidan ser utilizadas dende que foron inauguradas.

A estes problemas de persoal súmanse a perda de recursos materiais e de funcionamento, como a derivación do servizo de informática ou algún aparataxe de uso clínico, que foi destinado ao CHOP quedando o centro de O Salnés sen el.

De maneira sinalada, profesionais do sistema sanitario denuncian dende hai tempo a necesidade de dotar á extinta área sanitaria de O Salnés, agora reducida a distrito sanitario, dunha ambulancia tipo SVA, para poder atender correctamente a casos graves e urxentes. Recentemente expertos de servizos de cardioloxía e urxencias do sistema sanitario público alertaron da necesidade de mellorar a atención aos afectados por infarto agudo de miocardio, patoloxía na que a capacidade rápida de resposta con bos medios resulta o factor determinante para as consecuencias que, incluso, poden relacionarse coa supervivencia.

Este progresivo desmantelamento constitúe un agravio en si mesmo, e contribúe a unha perda de capacidade e calidade asistencial que so se mantén no mellor nivel posible gracias ao esforzo inxente dos profesionais do sistema público, que constantemente son os primeiros en sinalar esta perda de servizos.

Por todo isto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno galego que o nivel de recursos materiais e humanos do Hospital de o Salnés é satisfactorio en relación ás necesidades asistenciais da poboación?
2. Como valora o Goberno galego a necesidade de incorporar unha ambulancia SVA con base no Hospital de O Salnés para mellorar a atención urxente?
3. Ten previsto o Goberno galego dotar ao centro de O Salnés de máis recursos humanos que realicen o seu traballo de forma permanente no Hospital de O Salnés?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 13:16
Nº Rexistro: 30373
Data envío: 03/05/2018 13:16:14.449

4. Por que ocorre que moitos dos recursos humanos e materiais do Hospital de O Salnés terminan por ser utilizados no CHOP deixando ao Hospital de O Salnés sen o servizo?

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/05/2018 13:13:34

Noela Blanco Rodríguez na data 03/05/2018 13:13:40

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 16:30
Nº Rexistro: 30379
Data envío: 03/05/2018 14:00:32.214

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa ao deficiente servizo prestado pola empresa adxudicataria do servizo de mantemento do servizo de electromedicina da EOXI do CHUS.

En xuño de 2013 a Xunta de Galiza adxudicoulle a Ibérica de Mantenimiento S.A, o servizo de mantemento integral de equipamento electromédico e outro equipamento, por un período de tres anos e catro meses para as sete Áreas de Xestión Integradas do Sergas.

Con esta adxudicación a Xunta deu un paso máis no desmantelamento dun servizo público que funcionaba perfectamente, con custes reducidos, profesionais moi cualificados, con experiencia e unha calidade na asistencia inmellorábel. Estas licitacións non teñen como obxectivo a mellora dos servizos nin o aforro económico, senón o afán do goberno do Partido Popular por privatizar a sanidade pública entregándoa a empresas privadas para facer negocio coa saúde dos cidadáns. Puxo en mans privadas o mantemento de todo tipo de aparataxe, incluídos servizos críticos e vitais como son quirófanos, ucis, urxencias, radiodiagnóstico, autoclaves, bombas de infusión, respiradores, incubadoras, ventosas fetais, monitores, detectores

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 16:30
Nº Rexistro: 30379
Data envio: 03/05/2018 14:00:32.214

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de illamentos, esterilizadores, respiradores, mesas cirúrxicas, desfibriladores etc. Todo o aparataxe para diagnosticar e tratar aos doentes.

Desde a privatización do servizo de electromedicina foron reiteras as denuncias do deterioro, até límites de por en risco a asistencia sanitaria, da prestación do servizo que por parte da empresa concesionaria realizaba nos centros hospitalarios.

Unha vez rematado o contrato, en novembro de 2016, na vez de recuperar o servizo para que sexa prestado polo persoal propio do Sergas, dada a mala experiencia da licitación, o Sergas deixoulle liberdade ás xerencias das EOXIS para que foran estas as que contrataran o servizo.

Deste xeito a Estrutura organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela en abril de 2017 adxudicoulle o servizo de mantemento do equipamento de electromedicina a Telematic & Biomedical Services, S.L por un importe de 1.268.200,38 euros, por un período de 24 meses.

Segundo diversa información que nos foi facilitada, o funcionamento deste servizo privatizado é moi deficiente. Existe unha carencia de recursos tanto técnicos como humanos, incumprindo as condicións establecidas na licitación.

Estas carencias están supoñendo un grave prexuízo para prestar a asistencia sanitaria, poñendo en risco a saúde e incluso a vida das persoas.

Por estas razóns formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 16:30
Nº Rexistro: 30379
Data envio: 03/05/2018 14:00:32.214

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que actuacións ten realizado a Xunta de Galiza diante dos graves incumprimentos que está a realizar a empresa adxudicataria, Telematic & Biomedical Services, S.L, do mantemento do equipamento de electromedicina da EOXI de Santiago de Compostela?

-Está cumprindo a empresa o prego de condicións, estabelecidas pola dirección da EOXI, para adxudicarlle o servizo de mantemento do equipamento de electromedicina ?

-Desde a adxudicación do contrato que seguimento está a facer o Sergas do nivel de cumprimento do mesmo?

-A día de hoxe a empresa conta co número de persoas contratadas que se estabelecían no prego?

-Está a empresa a cumprir cos tempos de resposta estabelecidos?

-Ten constancia a Consellaría da realización de mantemento preventivo e substitución dos equipos?

-Diante da situación de incumprimento por parte de Telematic & Biomedical Services, S.L e do deterioro na prestación do servizo, que actuacións ten realizado ou vai realizar a Consellaría?

-Vai proceder a Consellaría de Sanidade à apertura de expediente sancionador polo incumprimento reiterado por esta empresa das condicións estabelecidas no prego de adxudicación e o conseguinte deterioro da calidade asistencial que se está a prestar?

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 16:30
Nº Rexistro: 30379
Data envio: 03/05/2018 14:00:32.214

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Vai proceder ao rescate da adxudicación do contrato?

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 03/05/2018 13:56:32

Ana Pontón Mondelo na data 03/05/2018 13:56:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/05/2018 13:56:38

Olalla Rodil Fernández na data 03/05/2018 13:56:39

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 16:30
Nº Rexistro: 30379
Data envio: 03/05/2018 14:00:32.214

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 03/05/2018 13:56:40

Xosé Luis Bará Torres na data 03/05/2018 13:56:41

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 16:30
Nº Rexistro: 30382
Data envío: 03/05/2018 15:53:34.324

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa reposta oral na comisión 8.ª de Pesca e Marisqueo.**

O duro inverno deste ano dificultou moito a captura do polbo e nin tan sequera axudou á súa recuperación. Non houbo ningunha boa noticia para a frota galega. As capturas caeron en picado e o prezo do produto disparouse sen que o aumento da cotización permitira cubrir os seus custes. Segundo os datos da plataforma Pesca de Galicia, en marzo do ano pasado as lonxas galegas comercializaran 2,5 millóns de quilos e ingresaran máis de 15 millóns de euros. Na actualidade, as capturas ronda os 1, 2 millóns de quilos e a facturación roza os 11 millóns. Trátase dos peores datos do decenio, moi por debaixo dos 1,5 millóns de quilos que foron descargados nos anos 2012-2013, 2013-2014 e 2015-2016, os peores anos ata o de agora.

Con este panorama, a frota viuse na obriga de pactar unha veda de 6 semanas que comeza o próximo 18 de maio e remata o 2 de xullo. Os aparellos terán que ser retirados a partir do 18 de maio e contarase con tres días para facelo. Análogas condicións haberá na volta ao traballo o 2 de xullo.

O sector confía en que a veda permita a recuperación do polbo, pero non considera xusta a fórmula do descanso, xa que non vai acompañada de axudas públicas que lles permitan saír adiante. Nun ano tan malo como o actual, iso supón un duro revés para a frota galega, que, de novo, volve sufrir o desleixo da Xunta de Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 16:30
Nº Rexistro: 30382
Data envío: 03/05/2018 15:53:34.324

Ademais, se non se toman as medidas de control oportunas, a veda pode supoñer unha oportunidade para o furtivismo e unha dificultade engadida para as persoas que viven do mar e que respectan o marco normativo.

Así, o Goberno da Xunta tería que tomar medidas polo menos para garantir dúas cousas: que, por unha banda, a veda non asfixie ao sector pesqueiro que depende da captura do polbo e que, por outra, a veda non premie ás persoas que traballan ao marxe da lei.

Por todo o exposto, a deputada asinante presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que medidas pensa tomar a Xunta de Galicia para compensar as enormes perdas que supuxo a diminución de capturas do polbo?
- Que medidas pensa adoptar para loitar contra o furtivismo durante a veda? Ten a intención de facer algo ao respecto para protexer a uns e perseguir a outros ou pensa ficar á marxe?

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 16:30
Nº Rexistro: 30382
Data envío: 03/05/2018 15:53:34.324

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Carmen Santos Queiruga na data 03/05/2018 15:52:16

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:15
Nº Rexistro: 30390
Data envio: 03/05/2018 17:15:30.001

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

En xullo de 2017, o Tribunal Constitucional anulou a xestión do Plan Prepara, unha das axudas dispoñibles para desempregados e desempregadas que esgotaran todas as prestacións e subsidios, ao considerar que ao ser unha política activa non era responsabilidade do Goberno, senón das comunidades autónomas. En setembro do ano pasado, o Ministerio de Emprego e as comunidades acordaron unha fórmula de xestión temporal (os territorios ceden durante un tempo esa competencia ao Servizo Público de Emprego), ata que o Goberno propuxera un plan novo de axudas que simplificara estes subsidios para parados respectando o ámbito competencial. Oito meses despois, estas axudas caducaron e o Goberno de España non conseguiu ata o momento pactar un novo plan nin cos sindicatos nin coas comunidades autónomas, polo que dende este 1 de maio, as persoas que as cobran seguirán facéndoo, pero quen queira solicitala por primeira vez non poderá ata que exista un novo subsidio.

As axudas cuxa prórroga remataban este 30 de abril eran o Plan Prepara e o Programa de Activación para o Emprego (PAE), dous subsidios creados en diferentes momentos da crise para atender a persoas en situacións de paro de longa duración e cargas familiares. O Ministerio de Emprego presentou unha proposta, que tanto sindicatos como a maioría de comunidades rexeitaron. Tratábase dunha fusión de Prepara, o PAE e a Renda Activa de Inserción (RAI) nunha nova axuda: a Renda Complementaria de Desemprego (REDE), que pretende retallar os dereitos de protección dos desempregados e desempregadas, a respecto da situación actual.

A nova axuda consistirá nunha prestación única de 430 euros ao mes para todos os casos independentemente da súa situación persoal. Os sindicatos maioritarios e nove comunidades autónomas opóñense á

proposta do Ministerio, e as razóns que aducen é que este novo programa prexudicará a un número elevado de parados. Os cálculos de UGT sinalan que máis da metade dos que reciben este tipo de prestacións hoxe en día, concretamente o 59 %, veríanse prexudicados por esta medida, xa que o novo período de tempo que cobrarían a axuda sería inferior ao que existe na actualidade. É dicir, percibiríana durante menos meses que se se mantivesen os programas vixentes, podendo transitar duns a outros.

O número de parados en Galicia durante o primeiro trimestre de 2018 é de 186.500, 4.400 máis que o trimestre anterior (2,41 %), segundo os datos da Enquisa da Poboación Activa (EPA) difundidos polo Instituto Nacional de Estatística (INE). Na nosa comunidade autónoma, unhas 500 persoas ao mes, que esgotaran todas as prestacións e subsidios, solicitaban ata o de agora estas axudas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que posición vai defender o Goberno galego ante as modificacións que se prevén, por parte do Goberno de España, coa unificación dos programas de axudas aos desempregados e desempregadas Prepara, PAE e Renda Activa de Inserción (RAI)?

2. Que valoración fai a Xunta de Galicia da proposta presentada polo Goberno de España ás comunidades autónomas, a respecto da unificación das axudas aos desempregados e desempregadas de longa duración?

3. Considera o Goberno galego que as modificacións previstas poden poñer en perigo as prestacións que perciben agora moitos desempregados e desempregadas na nosa comunidade autónoma?

4. Cre a Xunta de Galicia que debe existir compatibilidade entre estas axudas e as rendas sociais autonómicas, de modo que estas últimas poidan complementar ás prestacións estatais, sobre todo, no caso de situacións económicas familiares moi graves?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:15
Nº Rexistro: 30390
Data envio: 03/05/2018 17:15:30.001

5. Segundo a proposta remitida polo Goberno de España ás comunidades autónomas, suporía que estas asumisen un maior gasto?

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 03/05/2018 17:12:33

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/05/2018 17:12:40

Julio Torrado Quintela na data 03/05/2018 17:12:42

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:15
Nº Rexistro: 30391
Data envío: 03/05/2018 17:15:41.735

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Luís Villares Naveira, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **oral na Comisión 8.ª**

O do marisqueo é un dos sectores máis importantes da economía galega, do que viven directa ou indirectamente gran parte da poboación das vilas costeiras. A preocupación da Xunta de Galicia por este sector debería ser, pois, a preocupación que se lle da a un sector de primeiro orde, motor económico de moitos núcleos de poboación costeiros e sector que alimenta a milleiros de familias no noso país.

O marisqueo a pé é ademais unha labor que se ten deixado tradicionalmente ás mulleres, atopando estas nel unha fonte de ingresos que en moitos casos permitiu a realización dunha vida autónoma e a garantía dunha vida independente.

Neste sentido, o IGE ten publicados os datos correspondentes ós permisos de marisqueo a pé entre o ano 2009 e 2017. Os datos, que figuran ademais segregados por xénero, idade e por ano, permiten ver con facilidade unha rebaixa progresiva das licencias dadas e un aumento tamén do número de traballadores homes.

Outra das cuestións preocupantes e facilmente observables é o envellecido que se atopa o sector, tendo o 47,5% das persoas posúen licencia de marisqueo máis de 50 anos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:15
Nº Rexistro: 30391
Data envío: 03/05/2018 17:15:41.735

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.ª

- Que ten pensado facer o Goberno galego ante a situación de envellecemento que vive o sector?

- Que motivo ten a Xunta para reducir progresivamente as licencias de marisqueo a pé outorgadas ao longo dos últimos 8 anos?

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 03/05/2018 16:51:24

Luis Villares Naveira na data 03/05/2018 16:51:34

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:17
Nº Rexistro: 30401
Data envio: 03/05/2018 17:17:44.923

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Manuel Lago Peñas, Paula Quinteiro Araújo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández, Paula Vázquez Verao e Magdalena Barahona Martín, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 4ª, sobre as medidas que se van adoptar para a salvagarda do Centro Galego de Bos Aires.

A Superintendencia dos Servizos de Saúde do Goberno de Arxentina, mediante Resolución nº 259/2018, da conta dos sucesos ocorridos, e así:

1.- En primeiro lugar, sinala a existencia do Recurso de alzada interposto polo Centro Galego de Bos Aires- Mutualidade–Cultura e Acción Social contra a Resolución nº 850/15– Superintendencia Servizos de Saúde, que modificaba os Estatutos da Obra Social dos Inmigrantes Españois e os seus descendentes residentes na República Arxentina e no que a Mutualidade se incorporaba a OSPAÑA.

2.- En segundo lugar, o Centro Galego de Bos Aires-Mutualidade-Cultura e Acción Social deixaba de participar no desenvolvemento da Obra Social OSPAÑA, e atopábase, no ano 2015, baixo a intervención do CPN Carlos La Blunda, e gardaba silencio á petición de reforma dos estatutos invocada polo Axente do Seguro de Saúde.

Mediante esta resolución 259/2018 constátase que o Centro Galego de Bos Aires-Mutualidade-Cultura e Acción Social non tivera acceso á reforma dos estatutos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:17
Nº Rexistro: 30401
Data envío: 03/05/2018 17:17:44.923

pretendida pola Obra Social dos Inmigrantes Españois e descendentes residentes na República Arxentina (OSPAÑA).

A Obra Social OSPAÑA solicitou que caducase a instancia e foille denegado.

Doutra banda, o Centro Galego de Bos Aires pediu que se deixase sen efecto a resolución nº 850/2015 e todo o contido nela:

-Deixar sen efecto a reforma dos Estatutos de OSPAÑA.

-Revogación do mandato de Julio Martínez Fernández e os outros representantes da entidade en OSPAÑA.

-Petición de expresa sanción á xunta directiva da Obra Social e todo elo con copia ao INAES e ao xulgado de primeira Instancia nº 54, a fin de designar interventor da entidade.

O Ministerio de Saúde resolveu sobre o recurso de alzada presentado polo CGBA, deixando sen efecto a resolución 850/2015, que ademais terá que nomear os seus representantes nos órganos de dirección e fiscalización da Obra social OSPAÑA.

O organismo de control Superintendencia de Servizos de Saúde sinala que non designa as autoridades dos Axentes do Seguro de Saúde, senón que se limita a recoñecer os órganos de condución e fiscalización electos, polo que a intervención xudicial do Centro Galego de Bos Aires designará representantes en OSPAÑA (no sitio do Martínez Fernández, ademais do suplente e do revisor de contas) recoñecéndose desde o seu nomeamento ata 14 de marzo do 2019, no que expiran o resto de autoridades do Axente de Seguro de Saúde.

A petición do Centro Galego de Bos Aires- Mutualidade– Cultura e Acción Social cursouse ca anulación da reforma dos estatutos de OSPAÑA, esa reforma na que se substituíu a participación do mesmo no consello directivo pola Mutual de Inmigrantes Españois e descendentes na República Arxentina. Así, con esta

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:17
Nº Rexistro: 30401
Data envío: 03/05/2018 17:17:44.923

Resolución, que anula e deixa sen efecto a reforma dos estatutos da Obra Social OSPAÑA, devólvese ao Centro Galego de Bos Aires o seu lugar na directiva de OSPAÑA.

Nunha visita realizada a Arxentina nestes días polo Secretario Xeral de Emigración da Xunta de Galicia, Rodríguez Miranda, ratificou o compromiso do Goberno da Xunta de velar pola preservación do patrimonio artístico e cultural do Centro Galego de Bos Aires no caso de que non chegasen a bo porto as negociacións para a venda da entidade á sociedade que conforman Ribera Saúde (española) e Fundació Favaloro (arxentina).

Isto da lugar a un fío de esperanza na salvación da crise da entidade CGBA. Despois de ver como camións desartellaban o propio centro, baleirando os arquivos e espoliando o que con tanto esmero e dedicación fixeron desde o ano 1907 as persoas galegas emigradas.

Por todo o exposto, este Grupo Parlamentar presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.- Que medidas vai tomar a Xunta de Galicia en colaboración co Goberno de España en relación coa titularidade que ostentan da Obra Social OSPAÑA e a responsabilidade na anulación da capitulación de dereitos que os dous gobernos realizaron en favor unha asociación privada arxentina?

2.- Como se vai realizar a atención médica despois de baleirar o Centro Galego de Bos Aires? Onde e quen ten os arquivos e todos os recursos materiais do Centro Galego de Bos Aires? Que vai pasar co persoal médico do Centro Galego de Bos Aires despois de que o interventor Martín Moyano Barro confirmase as negociacións para a xubilación anticipada de 400 traballadores do Centro Galego de Bos Aires?

3.- Agora que a participación, no Consello Directivo de OSPAÑA, do Centro Galego de Bos Aires, volve a mans dos representantes da entidade de emigrantes,

Xunta de Galicia e Goberno de España, (que se cambiara en favor da Mutual de Inmigrantes Españoles e os seus Descendentes na República Arxentina) por anulación da resolución 850/2015 mediante a resolución 259/2018, que medidas teñen pensado tomar para reflotar o Centro Galego de Bos Aires?

4.- Garantirase a atención sanitaria ás persoas mutualistas? Que vai pasar coa obra e patrimonio histórico cultural e artístico que alberga o Centro Galego de Bos Aires, tanto se se produce a venda como se non?

5.- Que medidas manexa o Ministerio de Asuntos Exteriores sobre a posibilidade de compra do Centro Galego, se efectivamente existe unha quita no pasivo do Centro Galego de Bos Aires polo Goberno arxentino?

6.- Que outras medidas, en colaboración co Goberno de Arxentina, se poden levar a cabo na preservación do Centro como prestador de asistencia sanitaria de calidade e tamén na propia preservación do Centro Galego de Bos Aires en si mesmo como institución?

7.- É posible a adquisición do Centro Galego como inmoble sendo a xestión compartida no resto das súas funcións?

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2018.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 03/05/2018 16:50:44

Luca Chao Pérez na data 03/05/2018 16:50:50

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:17
Nº Rexistro: 30401
Data envío: 03/05/2018 17:17:44.923

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Antón Sánchez García na data 03/05/2018 16:50:57

Carmen Santos Queiruga na data 03/05/2018 16:51:05

Paula Vázquez Verao na data 03/05/2018 16:51:12

Eva Solla Fernández na data 03/05/2018 16:51:20

Paula Quinteiro Araújo na data 03/05/2018 16:51:23

Luis Villares Naveira na data 03/05/2018 16:51:26

Magdalena Barahona Martín na data 03/05/2018 16:51:29

José Manuel Lago Peñas na data 03/05/2018 16:51:33

Francisco Casal Vidal na data 03/05/2018 16:51:36

David Rodríguez Estévez na data 03/05/2018 16:51:40

Marcos Cal Ogando na data 03/05/2018 16:51:43

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:19
Nº Rexistro: 30412
Data envío: 03/05/2018 17:19:46.892

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Xoaquín Fernández Leiceaga e Luís Manuel Álvarez Martínez deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

Na sesión Plenaria do Parlamento de Galicia do 25 de abril e respondendo ao portavoz do Grupo Socialista, o presidente da Xunta afirmou que ía propoñer ás universidades de Galicia conxelar por sétimo ano consecutivo as taxas de matrícula dos graos e rebaixar á metade o prezo dos másteres habilitantes de xeito que o seu prezo por crédito se equiparase aos dos graos.

Estamos de acordo con esta rebaixa, aínda que son necesarias máis medidas sobre todo de axudas aos estudos, dado que resolve unha situación inxusta na que o estudantado tiña que pagar un alto prezo para cursar os másteres que eran obrigatorios para cursar diversas profesións, e que na anterior organización de estudos custaban o mesmo que os graos.

Segundo os datos ofertados pola Xunta de Galicia, a rebaixa do prezo dos másteres suporía un aforro de máis de 2,3 millóns de euros por curso para as familias dos estudantes que cursan estes estudos cada ano.

En conxunto a Xunta de Galicia calcula que as familias aforrarían cada ano 20 millóns de euros, pero é evidente que o que aforran as familias o deixan de ingresar as universidades, que verían descender uns ingresos xa moi minguados, situación que dende logo non nos parece xusta e que é preciso corrixir porque non parece xusto que a política de rebaixa das taxas dera como resultado un menor poder económico das universidades.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:19
Nº Rexistro: 30412
Data envio: 03/05/2018 17:19:46.892

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

1ª.) Canto calcula a Xunta de Galicia que perden as universidades pola conxelación das taxas académicas das titulacións de graos e a rebaixa do custo dos másteres habilitantes?

2ª.) Vai compensar a Xunta de Galicia ás universidades de Galicia pola perda de ingresos que lle supón a conxelación de taxas académicas dos graos e a rebaixa do custo dos másteres habilitantes?

3ª.) Como vai facelo?

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 03/05/2018 16:42:54

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/05/2018 16:43:05

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 03/05/2018 16:43:15

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:19
Nº Rexistro: 30413
Data envío: 03/05/2018 17:19:47.751

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A *Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia*, publicada no DOG do 25 de abril de 2014, trátase da primeira norma dunha comunidade autónoma que ampara a diversidade sexual e establece medidas concretas para protexer as distintas manifestacións da sexualidade.

A lei parte da premisa de que a sociedade galega ofrece un grao de aceptación moi elevado ás distintas formas de orientación sexual e de identidade sexual, e é maioritariamente consciente da necesidade de erradicar calquera forma de discriminación por esta causa. Así, o texto normativo persegue garantir a igualdade de trato e combater a discriminación das persoas por razóns de orientación sexual e identidade de xénero, eliminando calquera indicio de desigualdade que se poida apreciar no campo do ensino, das relacións laborais, da cultura, da saúde, do deporte e, en xeral, no acceso a calquera ben ou servizo. Tamén impón aos poderes públicos de Galicia o establecemento dun diálogo fluído e unha colaboración coas entidades LGTBI.

Ademais, todo o citado acompáñase de medidas específicas de concienciación e sensibilización social en temas como a igualdade, a dignidade e o respecto das persoas con independencia da súa orientación ou da súa identidade sexual.

A partir destes mandatos xerais, entra a regular medidas máis específicas, nos seguintes ámbitos: policial e de xustiza, laboral, familiar, de saúde, de educación, cultura e lecer, deporte, mocidade e comunicación.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:19
Nº Rexistro: 30413
Data envío: 03/05/2018 17:19:47.751

A pesar do compromiso político que supón a aprobación desta lei impulsada polos socialistas, e que non contou con ningún voto en contra no Parlamento de Galicia, o certo é que a miúdo nos atopamos con graves problemas de discriminación polo feito de ser LGTBI para moitas persoas, na súa relación coas administracións públicas, no ámbito educativo, sanitario, na rúa, nos xulgados ou nos medios de comunicación.

Durante estes anos de vixencia, tal e como teñen denunciado en numerosas ocasións as entidades LGTBI, o Goberno galego incumpriu moitos dos compromisos dispostos nesta norma, entre eles a disposición adicional na que se lle insta a de maneira trianual, remitir un informe ao Parlamento de Galicia sobre a aplicación da presente lei, unha avaliación que leva xa un ano de retraso.

Unha vez celebrado xa o cuarto aniversario da súa promulgación, non coñecemos tampouco ningún proxecto do seu desenvolvemento regulamentario, nin actuacións políticas do Goberno galego que amosen o máis mínimo interese en impulsala.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Tras catro de anos de vixencia, que valoración fai o Goberno galego do grao de cumprimento da *Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia*?
2. Considera a Xunta de Galicia que os dereitos e obrigas recollidos nesta lei estanse respectando?
3. Existe algún proxecto de desenvolvemento regulamentario desta lei?
4. Está aberto algún proceso de diálogo e participación das persoas LGTBI e outras institucións, como os concellos, para o desenvolvemento desta lei?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:19
Nº Rexistro: 30413
Data envio: 03/05/2018 17:19:47.751

5. Cando considera o Goberno galego que estarán preparadas as disposicións regulamentarias que permitan a implementación efectiva desta lei?

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 03/05/2018 17:17:43

Julio Torrado Quintela na data 03/05/2018 17:17:48

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:21
Nº Rexistro: 30420
Data envío: 03/05/2018 17:21:12.767

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Noela Blanco Rodríguez, Luís Manuel Alvarez Martínez e José Antonio Quiroga Díaz deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

As funcións de inspección dos Servizos Sociais e, si é o caso, de sanción son competencia da Xunta de Galicia e son exercidas a través da Consellería de Política Social que ten a obriga, entre outras moitas, de verificar o cumprimento da normativa aplicable aos servizos sociais, de xeito que se garantan os dereitos das persoas usuarias e se procure a mellora continua da calidade nos servizos sociais que se presten á cidadanía no territorio galego.

Entre estes servizos sociais son esenciais os que teñen como destinatarios os maiores e neste senso é necesario garantir unha boa atención tanto nos centros de maiores de titularidade pública como de titularidade privada.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1ª.) Cantos centros de atención a persoas maiores da provincia de Lugo foron inspeccionados nos anos 2016 e 2017?

2ª.) Abríronse expedientes sancionadores como resultado destas inspeccións? Cantos? Por que causas?

3ª.) Todos os centros inspeccionados cumprían coa cifra mínima de persoal de atención directa?

4ª.) Todos eles cumprían as condicións que lles deron acceso á condición de centro concertado? Cantos non? Por que causas?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

5ª.) Cantas queixas ou reclamacións se produciron nos anos 2016 e 2017 contra centros de atención a maiores da provincia de Lugo?

6ª.) Cal foi a tipoloxía destas queixas?

7ª.) Cantas de estas queixas foron resoltas satisfactoriamente?

8ª.) Algunha destas reclamacións deron lugar a unha inspección dos servizos? Cantas?

Pazo do Parlamento, 2 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 03/05/2018 16:47:08

Noela Blanco Rodríguez na data 03/05/2018 16:47:17

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 03/05/2018 16:47:24

José Antonio Quiroga Díaz na data 03/05/2018 16:47:33

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:37
Nº Rexistro: 30447
Data envío: 03/05/2018 17:37:18.298

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e María Dolores Toja Suárez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

A Confraría de Carril (Vilagarcía de Arousa) está a vivir nos últimos tempos unha etapa convulsa, protagonizada por constantes conflitos entre os seus membros, nos que a dirección está a ter un papel central e resulta ser foco central da situación e das confrontacións con outros colectivos pertencentes á mesma confraría.

Estes sucesos, tras varios de días de conflitividade, remataron en agresións físicas con lesións e denuncias e contribuíron a enturbiar a xa alterada actividade na Confraría de Carril, ante a absoluta inacción da Xunta de Galicia e da Consellería do Mar, que non da tomado ningunha medida nin proposto ningún mecanismo de diálogo, entendemento e/ou orde.

As confrontacións entre o sector de marisqueiro a pé e a Xunta Xeral da Confraría, son unha dinámica habitual na actividade da confraría. Estas confrontacións foron denunciadas por algunhas das mariscadoras na Xunta de Galicia, á Valedora do Pobo e incluso pola vía xudicial.

Ante estas denuncias diante da Xunta de Galicia, a única actuación feita pola Consellería do Mar foi remitir un requirimento á confraría, instándolle a "cumprir coa legalidade vixente".

A Valedora do Pobo emitiu un informe dirixido ao patrón maior onde se lle esixe o cumprimento cos principios de transparencia, facilitando a información que ten carácter pública para as persoas asociadas á confraría.

Hai denuncias presentadas por algunha das mariscadoras pola imposibilidade de vender o seu marisco na lonxa, denuncias das que a día de hoxe non hai sentenza. A bióloga da confraría vén de denunciar

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:37
Nº Rexistro: 30447
Data envio: 03/05/2018 17:37:18.298

unha situación de presións no seu traballo, refrendado por sentencia xudicial do pasado mes de marzo que apuntaba á "vulneración de dereitos fundamentais" no relativo ao seu traballo, pero que non se está a cumprir como ordenou o xulgado.

A totalidade dos grupos políticos representados no Concello de Vilagarcía presentaron e apoiaron unanimemente unha moción municipal, cuxa parte resolutiva solicitaba instar:

1.- Á Xunta de Xeral da Confraría de Carril:
a) A normalizar a actividade da Confraría.
b) A cumprir, tal que como se lle require dende a Xunta de Galicia, coa legalidade vixente.
c) A dar cumprimento ao Informe da Valedora do Pobo aos principios de transparencia e bo goberno, no exercicio do seu mandato.

2.- Á Xunta de Galicia:
a) A intervir de maneira eficaz para garantir o normal desenvolvemento da actividade na Confraría de Carril, para evitar a actual conflitividade entre o sector do marisqueo a pé e a Xunta Xeral.
b) A garantir o cumprimento da lexislación vixente na xestión da Confraría de Carrill e en todas as confrarías de Galicia.

A situación da Confraría de Carril afecta a un sector estratéxico dende o punto de vista económico, pero tamén ao plano social pola relevancia que a entidade ten na convivencia social da vila.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que a Xunta de Galicia non traballa por evitar a conflitividade na Confraría de Carril?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:37
Nº Rexistro: 30447
Data envío: 03/05/2018 17:37:18.298

2. Ten previsto a Xunta de Galicia tomar algunha decisión ou medida que promova a non conflitividade na Confraría de Carril e garanta o correcto funcionamento da entidade?

3. Considera a Xunta de Galicia que non ten ningunha responsabilidade no proceso conflitivo que se vén dando nos últimos tempos na Confraría de Carril?

4. Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre a situación actual que se vive na Confraría de Carril?

5. Como cre a Xunta de Galicia que se vai resolver a conflitividade na confraría de Carril se non intervén para facilitalo?

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Dolores Toja Suárez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/05/2018 17:35:05

María Dolores Toja Suárez na data 03/05/2018 17:35:10

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:44
Nº Rexistro: 30450
Data envio: 03/05/2018 17:44:26.798

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Noela Blanco Rodríguez, Luís Manuel Alvarez Martínez e José Antonio Quiroga Díaz deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**..

Hai pouco máis de dous meses morría no HULA un home residente nun centro de maiores privado de Lugo e que presentaba, segundo o persoal médico, un importante estado de deshidratación e desnutrición. A familia denunciou estes feitos ante a fiscalía, pero tamén ante a Xunta de Galicia que ten a competencia da inspección dos Servizos Sociais

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1ª.) Inspeccionou a Xunta de Galicia o centro de maiores onde residía este home a raíz do acontecido?

2ª.) Se o fixo, cal foi o resultado?

3ª.) Cumpría este centro todos os requisitos esixidos?

4ª.) Determinouse algunha mala praxe?

5ª.) Foi aberto algún expediente a este centro?

Pazo do Parlamento, 2 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:44
Nº Rexistro: 30450
Data envio: 03/05/2018 17:44:26.798

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Maria de la Concepción Burgo López na data 03/05/2018 16:49:00

Noela Blanco Rodríguez na data 03/05/2018 16:49:15

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 03/05/2018 16:49:22

José Antonio Quiroga Díaz na data 03/05/2018 16:49:30

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:46
Nº Rexistro: 30453
Data envío: 03/05/2018 17:46:51.220

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre o financiamento das universidades públicas galegas.

Na sesión plenaria do 25 de abril o presidente da Xunta de Galiza avanzou que proporía ás universidades públicas galegas conxelar as taxas universitarias un ano máis e reducir o prezo da matrícula dos Mestrados profesionalizantes ao custe dos Graos.

Se ben é certo que estas medidas benefician ao alumnado, ao lle abaratar o custe da súa formación superior, tamén teñen a súa repercusión orzamentaria nas Universidades que teñen como principais fontes de ingreso as taxas e as transferencias orzamentarias da Xunta de Galiza a través do Plan de Financiamento.

Neste senso, as reitorías das tres universidades galegas (USC, UDC e UVigo) teñen reaccionado ao anuncio do presidente da Xunta demandando máis fondos públicos cos que compensar a redución dos seus ingresos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:46
Nº Rexistro: 30453
Data envío: 03/05/2018 17:46:51.220

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Tense reunido a Xunta de Galiza coas novas reitorías saídas das eleccións universitarias desenvolvidas na USC e a UVigo?

- De que maneira lle ten comunicado o Goberno galego ás universidades a vontade de conxelar as taxas e reducir o prezo das matrículas dos mestrados?

- Ten avaliado, alén dos beneficios que suporá para o alumnado, a repercusión que esta decisión terá para as universidades?

- En caso afirmativo, cal é o resultado?

- Pensa compensar dalgunha maneira a Xunta de Galiza as carencias orzamentarias que arrastran as universidades desde o estourido da crise?

- Cando pensa iniciar o Goberno galego as conversas para negociar o novo Plan de Financiamento do SUG?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:46
Nº Rexistro: 30453
Data envio: 03/05/2018 17:46:51.220

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 03/05/2018 17:45:30

María Montserrat Prado Cores na data 03/05/2018 17:45:35

Ana Pontón Mondelo na data 03/05/2018 17:45:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/05/2018 17:45:37

Noa Presas Bergantiños na data 03/05/2018 17:45:39

Xosé Luis Bará Torres na data 03/05/2018 17:45:40

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 18:05
Nº Rexistro: 30460
Data envío: 03/05/2018 18:05:37.892

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O cadro de persoal de Hijos de Luis Chao Sobrino S.A., empresa dedicada á fabricación de cadaleitos asentada en Ribadavia dende o ano 1910, leva semanas mobilizándose para reclamar o pago das débedas e en demanda dunha solución que garanta a continuidade da empresa e dos seus postos de traballo.

A finais do ano pasado, tiveron coñecemento de que a anterior dirección solicitou até en dúas ocasións a liquidación da compañía. De feito, recentemente produciuse un novo cambio na Xerencia, o que non mellorou os problemas existentes xa que a nova Dirección ten que asumir os compromisos comerciais adquiridos pola anterior.

Como consecuencia, a empresa fica na práctica sen actividade e mantén unha débeda salarial cos traballadores/as de catro mensualidades, e vai camiño dunha quinta xa que todo apunta a que non abonará tampouco o salario do mes de abril (non ingresou a nómina de marzo, ao que hai que sumarlle os tres meses que arrastra sen pagar dende o ano 2016 e que están recoñecidos no concurso). Ademais, neste tempo os empregados e empregadas padeceron ate tres ERTE.

Recentemente fíxose pública unha declaración institucional do Concello de Ribadavia na que se expresa a solidariedade cos empregados e empregadas desta empresa, e se ofreceu o seu apoio para garantir a continuidade dun proxecto que é fundamental para a economía desta localidade, e de toda a comarca.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Coñece a Xunta de Galicia a situación na que se atopa a empresa de cadaleitos Hijos de Luis Chao Sobrino S.A, situada en

Ribadavia?

2. En caso afirmativo, que valoración fai da mesma?
3. Que impacto económico considera o Goberno galego que tería o peche desta empresa en Ribadavia, e en toda a comarca do Ribeiro?
4. Tomou a Xunta de Galicia algún tipo de medida para impulsar unha solución a esta problemática, que garanta a continuidade da empresa e dos postos de traballo?
5. Ten previsto o Goberno galego realizar algún tipo de mediación para contribuír á resolución deste conflito?

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 03/05/2018 17:52:38

Raúl Fernández Fernández na data 03/05/2018 17:52:44

Julio Torrado Quintela na data 03/05/2018 17:52:48

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
0 8 MAI. 2018
Núm. 30657

Asunto: Propuesta de REGLAMENTO DEL CONSEJO por el que se establecen medidas de ejecución del sistema de recursos propios de la Unión Europea [COM(2018) 327 final] [COM(2018) 327 final Anexo] [2018/0132 (APP)]

En aplicación del artículo 6.1 de la Ley 8/1994, de 19 de mayo, la Comisión Mixta para la Unión Europea remite a su Parlamento, por medio del presente correo electrónico, la iniciativa legislativa de la Unión Europea que se acompaña, a efectos de su conocimiento y para que, en su caso, remita a las Cortes Generales un dictamen motivado que exponga las razones por las que considera que la referida iniciativa de la Unión Europea no se ajusta al principio de subsidiariedad.

